



Aquamuseu do Rio Minho

O proxecto "Aquamuseu do Rio Minho" nasce duma relación profesional

Páxina 10



"Pepe callos", un veterano

A sociedade gastro-nómica "Cen Graos" homenaxeouno

Páxina 20

"Galicia a todo tren"

En Madrid presentouse a nova edición do programa

Páxina 36



Ferry A Guarda-Caminha volta a cruzar o Minho

"João Verde e Amador Saavedra" nome da Ponte Internacional entre Salvaterra e Melgaço

Cumpríanse 20 anos cando, Abel Caballero, daquela Ministro de Transportes do goberno de Felipe González, e Arturo Grandal Vaqueiro, tamén vistindo as cores socialistas, acompañados polas autoridades de Monção, sendo o Profesor Armindo presidente da Cámara

Páxina 30

Unha ponte por "un patrimonio para o futuro"

En colaboración coa Eurocidade Salvaterra do Miño e Monção, celebrou o seu 20 aniversario coa participación dos centros educativos dos Concellos de Salvaterra e de Monção

Páxina 34



■ Viaxe no ferry

Foto: Luis Valadares

O ferry que une o Concello da Guarda coa vila portuguesa de Caminha retomou as súas viaxes a partir desta Semana Santa. Despois de varios meses sen funcionar por mor dos traballos de dragado

no río, as travesías que unen estas dúas vilas, xa volven a ser diarias. A primeira viaxe do ferry, desta nova etapa, foi o pasado venres día 3 de abril, e sucedéronse a cotío durante todo ese fin de semana festivo. Du-

rante eses días o volume de xente que decidiu utilizar este medio de transporte foi moi alto e todos os viaxantes mostráronse moi contentos ó poder contar, de novo, con esta unión fluvial.





OPINIÓN

Nicolás Xamardo González

■ Ben sabemos que a corrupción, baixo as mil caras que pode amosar, é inherente a todo sistema de explotación dun ser humano por outro ser humano. Ben sabemos tamén que os incontábeis casos de corrupción no Estado español están relacionados directamente coa chamada Transición (o non rompemento co franquismo supuxo a impunidad do réxime fascista a cambio da compra das conciencias de so-

Opinión

cialistas e comunistas, caldo de cultivo da corrupción xeneralizada en España). A existencia de ETA mantivo e prolongou ese pacto de silencio arredor da corrupción.

No que se refire a Navarra, os casos máis coñecidos de corrupción (Caixa Navarra e club de fútbol Osasuna), se ben teñen elementos comúns coa referida corrupción estatal: ambición sen límites, erros na xestión, ocultismo, descontrol administrativo, etc., conta con razóns propias, que teñen que ver co estatus de Navarra para o Estado español.

Aínda que o caso Caixa Navarra estoupou no ano 2013 (da man de Kontuz, unha asociación de usuarios e consumidores), e o do Osasuna, fai poucas datas, a verdade é que os dous empezan ao mesmo tempo, en 2002;

sendo Sanz, de UPN, presidente do Goberno Foral. Nese ano nomearon a Enrique Goñi, director de Caixa Navarra e a Patxi Izko, presidente do Osasuna.

Goñi levou a Caixa Navarra, unha das máis solventes de todo o Estado, á ser absorbida finalmente por Caixa Bank o 23 de marzo de 2012, polo 10% do que dicían valer dous anos antes. As causas coñecidas (dietas e sobresoldos escandalosos, regalo de reloxs de luxo, inversións fallidas, viaxes en helicóptero, desaparición de 157 obras de arte, ...).

A verdadeira razón, evitar a posibilidade de que se criara un banco ou caixa común co País Vasco sur. Naquel momento a Confederación de Caixas Vascas funcionaba ben, pero ao Estado

convíñalle rompela.

O Osasuna, presidido por Patxi Izko, da man do ex-fubolista e entusiasta do fútbol, Miguel Sanz, na Presidencia del Goberno, leva ao club á súa práctica desaparición, comesto polas débedas. As causas coñecidas (falta de inspección da Falcenda navarra que coñecía a débeda do club, cobro de dietas sen control polos directivos, déficits nos orzamentos, contratacións de adestradores e xogadores fora das posibilidades económicas do club, desvío de diñeiro para a compra de partidos, etc.).

A verdadeira razón, ter un club semellante ao Atlétic ao prezo que fose, pero sen relación cos clubs de Euskadi. Una das pri-

meira decisións de Izco foi romper as relacións de colaboración que antes tiña o club co Atlétic. Tampouco podemos esquecer que o goberno de Sanz fixo de Osasuna a «marca Navarra»; chegando até o punto de mudar o nome de O Sadar por Reyno de Navarra.

Visto o visto, podemos afirmar que as dúas institucións foron literalmente dinamitadas dende dentro polo réxime navarrista de UPN, coa colaboración necesaria do PSN; nun contexto político no que se sentían e senten protexidos, en canto servidores fieis dunha política que considera a Navarra cuestión de Estado; política que os levou, movidos por un afán case patolóxico, a evitar calquera tipo de relación entre Navarra e Euskadi.

Navarra, cuestión de Estado

Lobos con pel de ovella

Xa non sabe un, cando nos caerá a breva de merecer outros gobernos quizaís máis veraces e cumpridores, capaces de querer mellorar a sociedade. Pode habelos, poden existir e ser menos fraudulentos. Penso que si, mellores e menos demolidores, incluso máis cabais e competentes. Pode ser que chegue o momento de dar carpetazo a tanto desalmado, que non teñen nin vontade nin talento para gobernar e, menos aínda, para gobernarnos, a nós, aos que gastamos moito e estamos tan viciados, como nos dixeran nun alarde de cinismo levado á negación do evidente. Xa sabemos que ese é o sistema dos do ventilador: reparten culpas anque non beneficios. Son todo un fraude. No mundo dos contos e lendas tradicionais, cóntase que cando se pilla a alguén nalgún renuncio, o pillo sempre di: “ímos repartir”, e así apaña algo de beneficio, aínda sen dereito a el. Mira onde foron aprender. Eu sei ben que gobernar en condicións de honestidade é un labor moi difícil, case de heroísmo que dista moito da soberbia que hoxe amosan eles. Están a desmantelar un sistema de protección social en vías de asentar, tanto en educación como en saúde, como en axudas sociais. Aproveitan as circunstancias para empobrecernos e escravizarnos máis, coa desculpa agora, de que hai que reducir gastos por iso dunha crise mundial, dunha débeda incontable, administracións paralelas que levan a privatizar servizos públicos, abundando no gasto, de paro pertinaz na xente nova e ben formada para chamarlle mobilidades laborais e deixalos ir polo mundo adiante, de fuga de cerebros para servir a outros cunha perda de capacidade rexenerativa en nós e desde nós, de falta de transparencia, de perda de confianza, de... E eu pregunto: que ten que ver iso para atacar directamente os puntos estratéxicos e máis sensibles da sociedade, nenos e maiores, enfermos e desprotexidos? Que ten que ver iso co ataque manifestado contra a liberdade de expresión, cunha lei de “seguridade” cidadá que atenta

contra todo aquel que discrepe? Que ten que ver iso coa desprotección de enfermos de Hepatite C, ou polos da Xunta e os seus cómplices, no ataque ao noso idioma galego, subordinados ao voto dos que odian por sistema ser quen son, froito dese complexo de inferioridade que, á súa vez, procede da ignorancia de se saber nin saber quen somos na honra de aportar ao mundo o noso singular acento e punto de vista? Pois fano da man dun poder desde o goberno que propiciou tantas desconsideracións e ataques, non só no ensino –que foron moitos e xa se empezan a ver os efectos negativos, tamén nas empresas, na sociedade, nos medios, na xustiza e nos outros eidos da Cultura. Iso xa non é só falta de vontade ou de talento, é mala fe! Penso que na súa soberbia, perderon todo contacto co sentido común e coa sociedade. Non dormen, non len, non pensan, non pasean no medio da xente, non oen nin escoitan. Por culpa de tanta distancia coa xente do común e co sentido común, toman decisións precipitadas e tenden a pensar que eles son os elixidos, pola súa intelixencia, centros do mundo e por tanto fan aquilo que pensan (os seus corifeos lóanlles nun arrebatado de peloteo subvencionado) con estúpida lucidez e perda de conexión coa realidade, sen outra consideración. Erros que –para a nosa desgraza– pagamos todos nós. Chegados aquí, non podemos subestimar esa súa estupidez e malversidade, ... temos que reaccionar e poñelos no seu sitio pagando, na xustiza e na sociedade, o dano que fixeron ao provocar tanta dor e sufrimento. Cómpre lembrar as que fixeron, unha por unha e todas, xusto agora que se achegan eleccións e, de novo, os lobos volven con peles de ovella.

Ogallá proben a súa medicina

Ás veces non chega o enfado, un opta por pensar malevolamente como descomprimirse do cabreo, botando fume, escribindo, mirando pasar o tempo. Hoxe, que o meu enfado é moito, quixera contarvos. Resulta que este goberno e a súa ministra Báñez falan sen decoro do noso futuro, do dos nosos fillos e da mobilidade exterior que con toda a cara eufemiza e castiga ao noso pobo, unha vez máis. Para nós non é nada novo, levámos séculos de ignominia e desespero. Ninguén se revolve, ...emigra! Pero é o síntoma do saqueo constante e constantemente perpetrado na nosa xeografía humana, nos nosos sentimentos. Nós, que temos comunidades enteiras de irmáns espallados polo mundo, algúns que non volverán xamais, outros mirando sempre onde estamos os que quedamos. O noso non sucede en ningures. Aínda lembro cando me despedín en vida do meu curmán Pepe, tiña unha enfermidade dexenerativa e despedíuse de min nunha silla de rodas. Foi a última vez que o ví. Non podía volver, ...perdería a paga por traballar toda a vida en Australia. Despedíuse de min

cun ata sempre! Pero o peor é que despois nos digan que é por ansias aventureiras, como veñen de facer de novo. O peor é que as consecuencias deste éxodo sexan o desgaste do presente e a maldición para o futuro. Cando a xente nova se vai fóra, perdemos as nosas mellores enerxías vitais. Non só perdemos brazos, tamén intelixencia e a mellor preparación dos que

serán man de obra barata noutros sitios, perdemos a capacidade rexenerativa de espírito e ambición. Todo o que custou a súa preparación, reverte agora noutros pobos e lugares que nada puxeron para ela. Van render os nosos capitais, en forma de exportación e explotación humana, a outros países que xestionan mellor ou rouban menos. Eu pensei que xa pasara aquilo de emigrar, que o noso pobo galego, farto de tanto mal político, tomara o mando de si e se dispuxera a esquecer o ciclo de ir fóra. Anque tiñamos impresas, aínda nos xenes, as marcas dolorosas dos seus efectos colaterais: envellecemento prematuro do país en forma de moita ancianidade, de paralización social e falta de natalidade, de esquecemento do noso, de abandono do rural, descoido da natureza, ...que agoiran un esvaieceremento, un letargo, unha extinción paulatina e silandeira, algo así como un desangrarse que lentamente nos vai empobrecendo e deixando xordos, mudos, cegos diante de tanto insulto. Agora vemos como marchan os nosos fillos. O drama está servido pois nin sequera dan conta da súa fuxida, nin sequera se sabe que marcharon e non constan en lista ningunha. Un menos no paro, ...din desde os despachos frotando as mans! Deséxolles a mesma medicina que proclaman para os demais e que eles mesmos teñan pasen polas mesmas circunstancias, perdidos en horizontes extraños, faltos de voz e de palabras para o entendemento, faltos de calquera aloumiño da orixe da que proceden. Por seren culpables de tanta bágoa, desprendemento e desarraigo, deslocalización e, o peor, ao final ser moito máis pobres; eu votarei contra deles e xuntos botaremos aos corruptos, aos que decretan contra nós e os nosos fillos, con descaro e con toda arrogancia!



Baldomero Iglesias Dobbarrio

Mero

Por: Guillermo Rodríguez

Director de Novas do Eixo Atlántico

Estou diante dunha páxina en branco do meu ordenador tentando escribir o que chaman un editorial para un novo xornal. Os gurús da comunicación din que o editorial marca a liña de información do medio. Se é de dereitas, de centro, liberal ou socialista/comunista. Claro que iso era cando os medios dependían, na súa liña editorial, dunha redacción formada polo director e os redactores xefes das distintas seccións do medio.

Hoxe, as cousas cambiaron a unha tremenda velocidade. Hoxe a liña editorial depende do grupo empresarial dono do xornal. A os directores e redactores márcanlles o campo de xogo onde teñen que moverse. Pisar esa liña significa facer as maletas e irse para a casa. Antes dicíase que a prensa, os medios, representaban o 4º poder das sociedades democráticas, logo dos poderes executivo, lexislativo e xudicial. Nestes momentos iso xa é un simple recordo, unha nostalgia para os xornalistas honestos que teñen que escribir, non sobre o que lles gustaría, senón sobre o que lles permiten.

Teño nas mans un libro de Javier Pradera, titulado “Corrupción y Política. Los costes de la democracia” Este libro escrito en 1994, dezaseis anos despois de aprobada a Constitución, saca á luz a conexión existente entre corrupción e sistema democrático que ocupou a vida daquela xove democracia española.

Podemos ler na contracapa do libro devandito, “vinte anos despois, unha vez enfrontados á espeluznante sucesión de casos de venalidade política que asulagaron o noso escenario público, o seu contido é dunha actualidade asombrosa e explosiona nas nosas fazulas como unha mina de efectos retardos. Por que, pregúntase no libro, o que naquel momento se viviu como unha patoloxía puntual, como as andanzas dunha serie de “pillós”, resultou ser un rasgo cáseque “sistémico” do noso sistema político; xa nos advertía Pradera no citado libro.

Nestes momentos estamos diante dun espectáculo político denigrante. Os xuíces, aos que se lle permite cheirar os fedores das entrañas do PODER, poñen sobre a mesa, día si, día tamén, casos que sobrepasan a nosa capacidade de sorpresa. Os dous grandes partidos revolcándose na lama da corrupción; persoas consideradas “referentes sociais e políticos do sistema” entrando nun coche policial nas comisarias e nos xulgados acusados de roubar as arcas públicas, de engano, de facer trampas na declaración da renda; destruír

entidades de crédito levándose para as súas casas sacos de millóns de euros e reclamando pensións de millóns de euros, logo de ter deixado na mísera a centos de miles de cidadáns que confiaron neles, coma persoas honestas, éticas, fiables.

Asistimos aos prolegómenos dunhas eleccións municipais e autonómicas, na maioría das Autonomías; somos informados dos resultados das enquisas que se veñen facendo nos últimos meses e que poñen sobre a mesa unha realidade: os cidadáns deste Estado xa non se fían dos seus políticos, sobre todo dos que foron dirixentes destacados e gobernaron nos últimos trinta tantos anos. O bipartidismo, din, rematou. Nestes momentos son catro os partidos que se repartirían, segundo as enquisas, a torta electoral. Os cidadáns din estar ata o gorro de que lles “rouben os seus pequenos aforros”; de que lles despidan das empresas que din non gañan o que queren; de que lles rebaixen os servizos mí-

nimos que disfrutaban, de que non atopen un traballo digno para poder sustentar as súas familias, aos seus fillos; de que os mozos e mozas teñan que saír fora do País a buscar un traballo porque aquí os Poderes públicos non son quen de llelos ofrecer; de que se vexan na necesidade de acudir cada día aos comedores sociais a mendigar un bocadillo e un vaso de leite para os seus nenos/as. En fin, están cansos de que un exército de “trinca-dores” de guante branco se empeñaran en deixar baleiras as arcas do Estado. Para máis inri, queren convencelos de que ata agora viviron por enriba das súas posibilidades. Obviamente, non lle van a dicir que Ratos, ratas, Pujoles, Bárcenas, Roldáns, etc. etc. son persoas (é un dicir) especiais; son elementos doutra galaxia, son la-

dróns de luva branca que roubaron sabendo roubar e que o Poder Público nada ten que facer contra eles.

Nos últimos anos asistimos a bochornosos espectáculos inimaxinables. Destacados prebostes deste País son expostos á ira social que non lle faltan gañas de meterlle dente e dei-

e Cidadáns. Ambos os dous con espírito centralista que para os galegos pouco poden aportar. Os galegos sabémolo; de feito estes días queixanse de non atopar unha cálida acollida por estas terras. Pero aínda así, vanse presentar en varias vilas e cidades. Estes dous partidos, din as enquisas, van disputarlle o Poder ao PP e tamén ao PSOE, alí onde teñan decidido presentarse. Por qué a eles si e aos xa coñecidos de sempre NON? Ben, os politólogos, que nestes momentos non dan abasto, aseguran que a inesperada acollida que teñen estas opcións políticas débese a que resultan ser, nestes momentos, unha táboa de salvación para tantos cidadáns que xa sobrepasan o umbral da pobreza; fálalles de que eles non son iguais, de que “votándoos” os seus problemas comenzarían a resolverse.

Non vai ser ben así, está claro, pero quen se atreve a quitar-

lles a ilusión a tantos millóns de

ciudadáns hoxe abandonados da man de Deus, mentras as previsións para este ano 2016 din que o 1% da poboación mundial pode acumular tanta riqueza como o resto do planeta Terra.

En Galicia, os galegos que a sentimos coma algo diferente do resto do Estado, temos a situación máis complicada porque ningún nos ofrece con garantías que este País dos nosos pecados vai mellorar como tal logo das vindeiras eleccións.

De momento só se nos informa da disputa entre os partidos de mandato centralista tirándose os trastos á cabeza uns dos outros e presentándose, cada quen, como a mellor opción.

De ladróns, ratas e ratóns



Permítanme que teña as miñas dúbidas. Podo asegurarlles que nestes momentos formo parte dese pequeno exército que non sabe a quen vai votar. Obviamente, as opción que non teñan claro o que somos como nación galega non van levar o meu voto; endexamais o levaron, hoxe moito menos. Logo quedan unha serie de mareas, riadas, enchentas que, de verdade, me teñen algo mareado. Cecais vostedes teñan claro a quen votar. Neste recuncho do País as cousas son máis complicadas. Xa veremos que facer.

O que si teño claro é que unha vez pasada esta riada, marea ou como sexa os galegos temos que comezar xa a pensar en nós mesmos; temos que decatámonos de que de seguir así imos desaparecer entre tanta sigla, tanto salvador foráneo que só nos utiliza para presentarse en Madrid dicindo que é o máis guapo. Galicia precisa solucións globais serias e de futuro.

Esperemos que logo destas eleccións municipais (aquí non temos eleccións autonómicas aínda) o panorama político se clarexe e os galegos que levamos décadas loitando por dotámonos de institucións propias, de poderes propios para poder desenvolver todas as nosas potencialidades e dicirle ao mundo, sen soberbia pero con dignidade que Galicia existe aínda que algún non o queiran entender. Que Galicia, os galegos, podemos gobernarnos o nos mesmos moito mellor do que o fan dende esas cómodas cadeiras madrileñas. Non temos nada contra ningún, soamente pedimos que se nos deixe demostrar como, co noso amor pola nosa Terra, somos quen de poñela en valor, porque Galicia, pese a quen pese, ten un enorme valor como pobo, como terra como País. Sexamos Nós e poñámonos a traballar para demostralo.

Vostedes vaian a votar o 24 -M e fágano sen ter que taparse o nariz. Non lle vendan a súa dignidade a ningún por moi amigo que sexa. Saúdos.



Opinión

Cadernos da viaxe

Por: Xoán Antón Pérez-Lema L.



Despolitizarmos o poder xudicial

A grande maioría dos xuíces e maxistrados nos niveis inferiores e medios (Xulgados unipersonais, Audiencias, Salas do Contencioso e do Social dos Tribunais Superiores autonómicos) son independentes de toda caste de presións políticas. O seu problema é a falla de horas no día para atender o exceso de traballo (o Estado español ten un 40% menos de xuíces que a media europea) e máis a falla de medios materiais, humanos e técnicos para desenvolver de xeito eficaz o seu labor.

Porén, cando sobimos na escada profesional atopamos a politiquería do bipartidismo dinástico. Porque o Consello Xeral do Poder Xudicial, deseñado de primeiras na Constitución para preservar a xudicatura das inmisións dos Ministros der Xustiza, converteuse coa praxe do tempo, nun órgano partidista que controla con man de ferro os nomeamentos dos Maxistrados do Tribunal Supremo e doutros altos cargos xurisdiccionais. Se a isto lle engadimos o control que estes mesmos partidos exerceron sobre o nomeamento dos maxistrados do Tribunal Constitucional (hoxe refén dunha maioría mecánica que xurde da santa vontade de Mariano Rajoy) podemos entender a de-

gradación que vive o noso sistema de garantías xurídicas nos seus chanzos máis determinantes.

Velaí a axenda do Tribunal Constitucional, sempre disposto a lle resolver os problemas institucionais ao Goberno do Estado e lento a adoptar decisións tan importantes como axeitar a nosa xurisprudencia ás resolucións dos Tribunais Europeos de Xustiza e de Dereitos Humanos. Ou as resolucións da Sala do Penal do Tribunal Supremo, que sentaron precedentes coma a "doutrina Parot" ou a desproporción retributiva entre os reos de corrupción e os que sobardan levemente os límites do exercicio dos dereitos á libre expresión ou manifestación. Sen contar a doutrina xurisprudencial dunha Sala do Contencioso do Tribunal Supremo que confirma a ruptura das regras do xogo retributivas das enerxías renovábeis, para facilitar a axenda pro grandes distribuidoras eléctricas do Goberno do Estado.

E velaí como de paseniño (e ás veces dun xeito acelerado) vaise impondo na cidadanía a idea de que a xustiza non é independente, cando a meirande parte dos seus servidores loita continuamente para manter a súa ecuanimidade e para atender a xeito as súas axendas inabarcábeis.

Teceremos consensos



Os inquéritos amosan con claridade que o tempo das maiorías absolutas están xa para pasar á historia. Aquelas xogadas electorais onde un 27% do censo (43-45% dos votantes) acadaba nas institucións o poder da maioría absoluta semella que van ser cousa do pasado. E teño para mín que a sociedade non vai sentir mágoa ningunha por esta evolución dos tempos.

As maiorías reforzadas (absoluta, tres quintos...) deseñáronse na Constitución e no Estatuto de Galicia para chegarmos a acordos, para tecer consensos. Non, de certo, para que chegase Rajoy e modulase ao seu xeito os Tribunais Constitucional e de Contas e, por vía indirecta, o Tribunal Supremo. Nin tampouco para que Feijoo puidese recurtar a sanidade ou modificar o "status" do Consello de Contas dende a lexitimidade de orixe duns votos que son aptos para gobernar o día a día, mais non para modificar as regras da convivencia. Velaí o tempo apaixoante da verdadeira política. Aquela que obriga ás distintas forzas políticas e sociais renunciar parte do seu ideario e aquelar axendas transversais con outras forzas e sensibilidades. A que obriga

a construír espazos de diálogo e participación, a que proscribe o "orden y mando". A que ve na gobernanza unha ferramenta de inclusión e cohesión social e non de división e enfrontamento, coma fixeron os últimos Gobernos conservadores e varios dos autonomeados "progresistas".

Esteamos ou non dacordo, un destes exemplos é o do pacto asinado este día en Catalunya polos partidos CDC e ERC, que quixeron abranguese ás CUP e outras forzas non nacionalistas e, tamén, a organizacións sociais coma a ANC e Omnium Cultural. Porque outra das características do paradigma que vén é o protagonismo das forzas sociais e cidadás, canda as forzas políticas.

Compre teceremos consensos. E, na nosa Galicia, urxentes son o do pacto galego polo crecemento, o consenso a respecto do réxime local, o pacto polo territorio, o medio rural e o ambiente e o pacto pola lingua e pola educación. Sabermos tecer eses acordos, voltarmos á idea que para gañar uns temos que gañar todos, é a chave do noso futuro económico e institucional.



É o terceiro ano no que analiso, o día despois dos "Mestre Mateo", a situación deste sector estratéxico da nosa economía, malia que a Xunta do PP non acredite nesta cualidade. No 2013 e 2014 falei do "afogo do audiovisual galego" e agora fágoo da reinvención deste sector. Que pasou de novo? O audiovisual galego perdeu máis de dous mil empregos durante a Grande Recesión e chegou a niveis do 60% do desemprego. O IVE cultural e a negligente actitude dun Feijóo ancorado nunha suicida austeridade case liquidan ao sector. Mais a grande capacidade técnica e profesional da industria audiovisual galega seguiu a xerar novos produtos e novas linguaxes. Ben era verdade que con grandes atrancos canto á distribución, malia a grande afección do público galego ás súas producións.

Mais o sector está a adoptar unha potente estratexia de internacionalización que permite mellorar esta distribución e que as nosas historias e produtos audiovisuais sexan coñecidas alén do noso País. E mira cada vez máis cara ao que escolle e paga: o público. Velaí A Esmorga de Ignacio Vidal: 80.000 espectadores na Galicia, das resultas non só de 15 semanas nas salas de proxección das grandes vilas, senón dunha agresiva distribución nos centros socioculturais e outros puntos análogos. O 8 de maio estréase fóra de Galicia, en Barcelona, Madrid, Euskadi e Navarra. E axiña estará no Reino Unido e noutros países da Europa.

A industria audiovisual galega precisa do motor da nosa TVG. Esa TVG que definiu Marga

Pazos, "Mestre Mateo" á mellor comunicadora televisiva, como as canles que "teñen como propietarios aos cidadáns". Unha TV pública que ten como misións sobranceiras a normalización lingüística e cultural e a dinamización da industria audiovisual do País.

A ARRINCADEIRA.- "A Esmorga" e "Os Fenómenos".

Os grandes trunfadores dos premios "Mestre Mateo" foron "A Esmorga" e "Os Fenómenos" (que acadou os premios á mellor longametraxe, dirección e guión).

Dous grandes produtos, mais chocou que "A Esmorga", récord de público, non gañase o agasalho á mellor longametraxe. Outra volta semella que en determinados ámbitos profesionais opínase distinto ao público. E, sendo iso normal en Hollywood, non estou tan certo que sexa bó para unha industria convalecente como é a audiovisual galega.



Por: Xosé González Martínez

Presidente do Foro E. Peinador.

Cando a empresa Castromil facía pa3s

Nada 3 máis satisfactorio para o ser humano que sentirse dono dunha personalidade orixinal, forxada en actos singulares e protagonista do seu tempo, así como dunha utilidade que transcenda aos demais e así mesmo. 3 pola orixinalidade dos nosos actos como perpetuamos a nosa memoria e

e galeguizala. En 1994 explicábao así: “Actualmente, e despo3 dun período histórico onde o que se pretendeu foi que se esqueceran as pegadas do noso patrimonio cultural e lingüístico, 3 dicir, desprovernos dos nosos sinais de identificación, Castromil, S.A., 3 en período de recuperarse con toda rapidez, do que nunca,



contribuímos a crear referentes para a sociedade, que sempre precisou de modelos nos que se mirar, para construír o relato histórico da nosa identidade colectiva.

Con estas palabras iniciaba días pasados a miña intervención nun encontro que o Foro E. Peinador mantivo con empresarios da comarca do Barbanza que preside Antonio Miranda, un emprendedor que predica co exemplo da explícita galeguidade nos seus negocios. A miña intención era espertar no auditorio o sentimento de Pa3s que sei que aniña neles, pero que non acaban de concretar nas súas actividades económicas. As causas son de moi variado tipo e nelas andan mesturadas as inercias históricas e os complexos lingüísticos.

Nestes encontros habituais con empresarios as miñas exposicións están salferidas de anécdotas ilustradoras. Cóntolles, por exemplo, como se producira a conversión lingüística de CASTROMIL, a máis importante empresa do transporte público naqueles tempos en Galicia.

Todo empezou en 1989, despo3 dunha conversa co presidente do Consello de Administración, o admirado amigo Ramón Castromil Ventureira. Estaba convencido de que na súa empresa sempre houbera conciencia de Galicia. Máis había que concretala, por iso decidíu dar o paso

no fondo, deixou de ser: unha empresa por e para Galicia”.

Tan rápido foi, que en menos de dous meses empezamos a desenvolver un plan ambicioso que foi ben visible para todos os viaxeiros: sinalética, billetes en galego; música ambiental e documentais sobre o patrimonio cultural de Galicia nos monitores de televisión dos autobuses, que foron rotulados todos eles con nomes de escritores e personaxes históricos; e ademais, en colaboración coa Xunta de Galicia, editamos os “Contos do Castromil”, que se repartían de balde aos viaxeiros. As nóminas e negociación colectiva redatáronse no noso idioma, incorporando ao texto un artigo recoñecendo os dereitos lingüísticos dos traballadores.

A empresa Castromil foi un exemplo de galeguización empresarial que mereceu os parabéns dos usuarios pola celeridade e naturalidade que contaxiou de entusiasmo a outras que axiña imitaron o seu exemplo.



Prof. Dr. Francisco José Peña Castiñeira


A saúde ambiental do planeta: un dos grandes desafíos da humanidade para o século XXI

A interacción entre o medio ambiente e a saúde ten unha relevancia fulcral para a saúde do planeta e dos seus habitantes. De al3 a necesidade de pular pola habitabilidade da terra adiantándonos aos problemas e 3s súas consecuencias cos medios que posuímos, pensando nas xeracións futuras. Cómpre posibilitar unha vida digna na que todas as persoas teñan cubertos os seus dereitos fundamentais: a alimentación, a auga potable, a saúde, a educación, a liberdade e a paz. Todo esto só será posible se se aplican os principios esenciais de xustiza, liberdade, igualdade e solidariedade.

A saúde ambiental do planeta, ten que ser unha esperanza acadable e deberá mudar nunha realidade tanxible para todo o planeta. Cómpre pular por unha política ambiental eficaz, de carácter preventivo para abordar con garantías a resolución dos problemas ambientais, asemade inserir a política ambiental na socioeconomía e dotala dos recursos dabondo para a corrección de riscos. O compromiso medioambiental, implica destinar máis recursos e unha dedicación continua ao longo de todo ao ano. Na saúde das persoas existen componentes de predisposición xenética, pero os factores de risco ambientais e os estilos de vida inadecuados inciden nunha maior proporción na aparición de enfermidades da civilización actual. A modo de exemplo poderíamos salientar que se producen ao ano 7 millóns de mortes prematuras pola exposición á contaminación do aire. A OMS prevee que en maio deste ano, apróbese unha resolución sobre a “Calidade do aire e saúde. Temos que estar preparados para afrontar as posibles consecuencias do cambio climático, cómpre establecer unha estratexia axeitada para afrontar o impacto do cambio climático nas persoas, sobre todo nas cidades e poboacións costeiras que serán as máis ameazadas.

O cambio climático supón a oportunidade de implantar políticas públicas sanitarias que inflúan na consolidación de modelos sostibles e hábitos de vida saudables. Eidos como a planificación enerxética, urba-

nística e os cambios nos transportes (a mobilidade verde), serán algún dos eixos a termos en conta para adiantarmos aos acontecementos e minimizar as súas consecuencias. O futuro 3stá por facer, 3stá nas nosas



mans que tipo de sociedade queremos construír para deixarse 3s seguintes xeracións. Xuntos e unidos poderemos construír un mundo mellor.

Todos temos o compromiso como cidadáns ceibes e responsables de participar activamente na construción do futuro. Cómpre mudar o silencio en compromiso participativo. Temos que aprender a traballar xuntos con aqueles que pensan distinto porque son moitas máis as cousas que nos unen que as que nos separan. 3 preciso reducir a crispación na sociedade en todos os eidos, especialmente no político. Debemos acabar coa corrupción, que a xustiza sexa implacable cos corruptos, xa que todos somos iguais ante a lei. Nesta época de crise, paro e fame, resulta inaceptable o elevadísimo nivel de corrupción; asemade resulta tamén intolerable a cantidade de recursos que se adican ao armamento utilizado para asesinar persoas nas guerras. Menos inversións en armas e máis recursos para combater a fame no mundo e as desigualdades sociais. Desde o respecto 3 diversidade e 3 liberdade do ser humano teremos que esforzarnos desde a nosa responsabilidade individual en sermos testemuña viva de comportamentos humanos ateigados de maior liberdade, responsabilidade, honradez e tolerancia, solidariedade, defensa e respecto pola dignidade humana, prevalecendo os valores

éticos, morais e espirituais, que son os que realmente sustentan o ser da persoa. Temos que ser capaces entre todos de construír un mundo novo, un tempo novo para todos os habitantes da terra, no que as palabras guerra, corrupción e violencia non existan. Ese día gañaremos o futuro.

O medio ambiente 3 patrimonio da humanidade e a súa conservación esixe o esforzo solidario de toda a sociedade no seu conxunto. A saúde ambiental do planeta 3stá nas nosas mans, 3 unha tarefa de todos acadarmos algún día ese obxectivo fulcral para a humanidade. O medio ambiente non ten fronteiras, 3 de vital importancia a cooperación das nacións dos cinco continentes e 3 coordinación dos actores principais que as representan, establecendo estratexias de actuación conxunta por parte de todos os sectores sociais: políticos, empresarios, científicos, ecoloxistas, medios de comunicación e poboación civil, superando ideoloxías, localismos ou intereses económicos. O aire que respiramos, a auga que bebemos, a comida que xantamos, a chan no que vivimos, o lixo que xeramos e as paisaxes que gozamos, non teñen cor política nin económica nin étnica nin relixiosa. Todos os seres humanos temos que estar en condicións de igualdade ante a saúde, a educación e a vivenda, para poder desfrutar dunha vida digna e dun medio ambiente sano, e o que 3 máis importante que entre todos sexamos capaces de construírmos un mundo mellor, un planeta en paz; xusto, solidario, sano e sostible, para todos os que estamos, e os que virán. Agradeceránnolo.

Que así sexa



Opinión

Por: Carlos Méixome



Saom Sarmento e criado a veira de Portugal

Os estudosos da lingua e da literatura galega teñen denominado aos séculos XVI e XVII como “os séculos escuros”. Esta denominación podería estenderse ao século das luces, aínda que neste se observen certas mudanzas na mentalidade de sectores influídos polas ideas ilustradas.

Nestas centurias, a lingua galega escrita practicamente desapareceu. O galego quedou reducido a unha lingua familiar e coloquial, xusto no momento en que outras linguas romances comezan a substituír ao latín na vida cultural, política e administrativa.

O proceso de penetración do castelán, foi selectivo e horizontal. Isto é asentouse entre os sectores dirixentes e socialmente mellor situados, mentres que a inmensa maioría da poboación, tanto rural como urbana, practicamente ágrafa, continuou instalada exclusivamente no galego.

A castelanización das clases dirixentes viña de lonxe e veuse agravada pola paseniña substi-

tución da nobreza galega por outra forasteira. Nos séculos XVI e XVII o poder en Galiza era exercido case en exclusiva por esta aristocracia foránea e a baixa nobreza, escasa, que permaneceu no país foise desgaleguizando con maior ou menor rapidez. Pola súa banda o aparello eclesiástico favoreceu este proceso e os mosteiros galegos pasaron a depender de centros casteláns e a Igrexa que tiña encomendada a función educativa realizaba esta en latín e castelán ou. O mesmo

pasaba na Universidade de Santiago.



De a cabalo entre os dous séculos máis tristes do noso idioma

vivió o Conde de Gondomar. A afección de don Diego Sarmiento de Acuña á bibliofilia e a conservar as epístolas que recibía, así como copia, ou cando menos nota, das que enviaba, permítenos ter hoxe unha fonte única e de primeira man. Entre estas atópanse algúns dos escasos textos que se conservan deste período. Nas cartas recibidas por don Diego podemos observar, como mínimo tres actitudes por parte dos remitentes. Unha, a daqueles que empregando o castelán incluían

galeguismos illados en termos ou expresións que no saberían, ou non se poderían, traducir. Outra sería a dos membros da baixa nobreza ou outros sectores letrados nos que o galego sae con fluidez aínda que o conflito entre linguas está sempre presente.

Unha terceira actitude, de certa complicidade lingüística, sería a que, por exemplo, adopta o parente do Conde de Gondomar, don Diego Sarmiento de Sotomayor, señor de Achas e Petán, do que se coñecen dúas epístolas enviadas a don Diego de Gondomar. Unha de abril do 1605 e outra de setembro do mesmo ano. Na primeira o señor das Achas dille a don Diego “e que fixese isto nesta lingoaxe pois e de v.m. tan estimada e por ela me troufe aquí que coela despertaría v.m. do sono de coRexidor”. A outra responde máis á segunda das actitudes comeza e remata en castelán. Nas cartas do señor das Achas observase unha grafía moi próxima as formas portuguesas que debía coñecer ben pois “saom Sarmento e criado a veira de Portugal”.

As Bibliotecas de Redondela e mais o Servizo de Normalización Lingüística organizan novamente a “Semana do libro, a festa das palabras”, que este ano chega á súa sétima edición.

A programación, que se estende durante todo o mes, comeza o vindeiro 7 de abril, ás 20.00 h na Casa da Cultura, coa presentación do libro Contos do mar de Irlanda, da man do seu autor, Xurxo Souto.



Contos do mar de Irlanda
Editorial Xerais

Este polifacético escritor, comunicador e músico é licenciado en Filoloxía Clásica e traballa desde 1986 en diferentes medios de comunicación. Como narrador ten publicado: “A tralla e a arroutada” (Xerais 1995), relatos; “Fumareu” (Xerais 1997), relatos; “O retorno dos homes mariños” (Xerais 1999), novela; “Contos da Coruña” (Xerais 2001), escolma de artigos sobre a súa cidade, “Tres trebóns” (Xerais 2005), relatos, “A Terra Queima” (Xerais, 2013) e “Contos do mar de Irlanda” (Xerais, 2014). Como comunicador traballou en diversos programas de radio en galego, coma A tropa da tralla, Aberto por reformas e Mil ribeiras, na Radio Galega, converténdose no gran difusor da música galega actual e do século pasado. Desde outubro de 2005 até abril de 2009 foi Director de Programas desta emisora. Tamén foi vocalista do conxunto bravú “Os Diplomáticos de Monte-Alto” e na actualidade toca o acordeón, outra das súas grandes paixóns, no grupo “Tres trebóns”. A obra da que nos vén falar, Contos do mar de Irlanda, obtivo o Premio Irmandade do Libro ao

Libro do Ano 2014. A súa narración preséntanos dúcias de historias dos mariñeiros de toda a costa galega, moitas delas anécdotas que parecerán incríveis ás persoas que non traballan no mar.



Xurxo Souto inaugura a VII Semana do Libro

A súa propia introdución é ben explícita sobre os fundamentos do libro:

«As cousas do mar non se contan na terra», dixo o Machín de Muxía. Galiza é unha pedra chantada no Atlántico e un espazo mariño que abrangue todos os océanos. Quizá un mariñeiro do Berbés non saiba onde queda Fonfría, aló arriba na montaña, mais todos saben de Capetón, Cape Town, na fin de África. Un mariñeiro do Muro non saberá, quizá, de Olelas, na raia de Portugal, mais todos saben de Antuerpe, que é como lle din en galego do mar a Amberes, o gran porto do Norte. Prodixioso saber gremial, absolutamente vedado a terrícolas e terrícolas. Cómpre romper con esta fronteira de silencio. E cómpre principiar a mollarse na auga máis doméstica: o Gran Sol. Caladoiros tan humanizados polos nosos avós que dende hai moitas décadas teñen nome en galego. Embárcate nestas palabras. Alén do paralelo 48° N, o Mar das Galiñas, a Cona da Vella, a Ferradura agardan. Está subindo a marea, ti non quedes varado en seco.

Este traballador incansable da palabra presentaranos dun xeito único estas historias, adobiadas de salitre e da musicalidade das ondas.

Por: Manuel Rodríguez Alonso



Para afacérmonos á grafía do portugués

Este pasado vinte e cinco de marzo cumpriuse o vinte e cinco cabodano do pasamento de Ricardo Carballo Calero, gran figura da filoloxía galega no século XX. Como é sabido por todos, Carballo Calero, a partir do remate da década dos setenta, foi un gran defensor da unidade galego-portuguesa e principal adaiñ do chamado *reintegracionismo*, o que motivou a súa exclusión da *nomenclatura* oficial da filoloxía e ata da cultura galegas. Sostiña Carballo, e non lle faltaba razón, que a diferenza que hai entre os actuais galego e portugués non era maior ca a que hai entre o castelán norteño-académico e máis o dialecto andaluz deste castelán. Na liña reintegracionista de Carballo Calero desenvolve hoxe a súa actividade en Galicia unha editorial **Através-Editora**, ligada á **Associação Galega da Língua**, que publica as súas obras habitualmente de tema galego na chamada ortografía reintegrada, é dicir, para que todos o entendamos, en ortografía portuguesa. Debido a esta *heterografía* normativo-ortográfica é mágoa que as publicacións desta editorial pasen desa-

percibidas e que ninguén ou case ninguén as comente. Mais algunhas destas obras, sobre as que plana a indiferenza e ata o desprezo pola súa *heterografía* normativa, son dun interese indubidable para coñecermos mellor Galicia. Por outra banda, son un medio máis que apropiado para que os que vivimos ao norte do Miño nos familiaricemos coa ortografía do Sur, que é doadamente asimilable se seguimos o *décálogo* ou conxunto de dez normas sinxeliñas que nos ofrece Carlos Callón no artigo **“Aprende a ler en porquês em 25 segundos”** contido no seu libro *Como falar e es-*

cribir en galego con corrección e fluidez (Xerais). Mais as publicacións en grafía *reintegrada*, ou portuguesa, desta editorial non só serven para nos abrir cara á lusofonía, senón que ademais teñen un interese indubidable por ofrecer a carón da *heterografía* normativa unha *heterodoxia* moi enriquecedora ao enfocarllos moitos dos temas relativos a Galicia, pois adoitan, dun xeito razoado e con argumentos abondos, apartarse das interpretacións que se veñen dando por parte da chamada cultura oficial. Nesta liña non dubido en recomendar a lectura de tres

publicacións editadas nesta ortografía *reintegrada*. A primeira delas é a *Breve história do reintegracionismo* de Tiago Peres Gonçalves. Malia que o título pode facer pensar nun ensaio estritamente filolóxico, é un moi bo estudo sobre as relacións culturais e literarias entre Galicia e Portugal desde os tempos do padre Feijoo ata a actualidade. O segundo destes libros é *Livros que nom lê ninguém*, obra dunha das voces máis rechamantes da nova xeración de críticos/as da literatura e cultura galegas, Isaac Lourido. As análises que fai sobre as formas non canónicas de espallamento

da poesía ou a vinculación do que el chama *resistência cultural* á defensa de causas progresistas en xeral fan que esta obra sexa de lectura obrigada. Ademais é expresión, como xa digo, da voz dos críticos/as pertencentes ao que nós chamamos **Xeración do Novo Século** e Manuel Bragado, **Xeración da Esperanza**, a fornada máis nova de escritores/as galegos/as. Deixo para o remate outro libro, obra dunha filóloga e crítica tamén desta **Xeración do Novo Século/da Esperanza**, Helena Miguélez-Carballeira: *Galiza, un povo sentimental?* A autora cuestiona a caracterización

de Galicia como un pobo marcado polo lirismo, o sentimentalismo e a saudade e considera esta interpretación como unha creación interesada do poder para paralizar as ansias de progreso real por parte de Galicia e de soterrar a protesta e a reivindicación considerándolas incompatibles coa saudade, o sentimentalismo e o lirismo supostamente propios de Galicia. A súa análise dos elementos machistas presentes na obra de grandes figuras da cultura galega, como Carballo Calero, son tamén de lectura inescusable.

Xa que logo, estamos perante tres obras cuxa lectura resulta necesaria para todo aquel que se interese pola realidade galega de hoxe. As tres amosan unha *heterodoxia* ou desvío fronte ás interpretacións tradicionais da cultura oficial galega. Están ademais redactadas na chamada *heterografía lusista* ou *ortografía reintegrada*, é dicir, con ortografía portuguesa, o que abre ao lector galego, seguindo eses dez sinxelos consellos citados enriba, cara á lectura en portugués estándar. Por iso, cómpre mercar e ler estes tres libros.



Como falar e escribir en galego con corrección e fluidez
Xerais



Breve história do reintegracionismo
Através Editorial



Livros que nom lê ninguém
Através Editorial



Galiza, um povo sentimental?
Através Editorial

Por: Inma Otero Varela

A Cristina Pavón préstalle afondar no que nos fai máis humanos. Percíbese en obras anteriores e tamén nos

Cristina Pavón, Á busca da orixe perdida das especies (Laiovento, 2015)



A busca da orixe das especies
Edicións Laiovento

relatos que conforman este volume premiado no certame Ricardo Carballo Calero de 2014. A linguaxe, os novos emprazamentos nos que nos sitúa a integración da tecnoloxía nas nosas vidas, a memoria e o tempo constitúen os vimbios que sosteñen as identidades. Ata aquí pouco de novidoso no que a temas se refire, sen que isto supoña ningún tipo de menoscabo. A orixinalidade vén do enfoque. Incorporárase o discurso da ciencia ao filosófico e estritamente literario na análise do “eu”. O individuo convértese en obxecto de estudo para a neurociencia e a intelixencia computacional, mentres o narrador se apropia por veces desta perspec-

tiva analítica. Mais o curioso e formidable é que a complexidade do que se observa, o humano, fai que nunca perda a alma. Perdura unha parte que non se deixa apreixar, en boa parte porque muda, é maleable a causa do tempo. Se cadra este é o motivo polo que a súa produción non se pode encadrar nidiamente dentro dos marcos da ficción científica, malia que abeire certo ton ensaístico. Volvamos á memoria, tema fundamental de todos os relatos nas súas múltiples variantes. A memoria como ponte coa infancia e as súas experiencias traumáticas, a memoria domesticada con pastillas que aparece en “Sara e os

años”, a reconfiguración do mundo á que obriga o Alzheimer en “Culler culler culler” que abre a pregunta de se a falta de linguaxe e memoria merma o que hai de humano nas persoas, a memoria como garante da especie e, sobre todo, a memoria como ficción e como construtora da identidade. Son precisamente os relatos que abren e pechan o libro os máis interesantes neste aspecto. Os “eu” que reconstrúe a memoria de ambos os dous relatos inteactúan coa obra de escritores consagrados; Borges, Darwin, Cunqueiro e, nomeadamente Proust. A nudez da intimidade convertida en espectáculo radicalízase coa posibilidade de

viaxar a través dos records que ofrece o Memory Park. A experiencia lúdica vóltese adicción e esta angustia cando se constata que as lembranzas máis queridas nin sequera son ficcións estables. É o prezo que ten que pagar a protagonista, “auténtica ionqui do egotrip” (p. 26), muller como o resto de personaxes principais que, por mor da súa identidade de xénero, ven como a suma imposta desde fóra do “eu” aumenta considerablemente. Só unha tacha facilmente subsanable a unha obra sorprendente e ben feita. Cóanse por veces expresións lingüísticas un tanto chocantes por interferencia do castelán.

Opinión

Por: Manuel Rodríguez Alonso

Un tema que arrepiá



A novelista **María Xosé Queizán** acaba de publicar unha novela curta, *Son noxento* (Xerais), cun tema que arrepiá, o da pederastia que un pai violento, maltratador e machista exerce sobre a súa propia filla. Esta novela de Queizán cómpre incluíla dentro das obras literarias que o escritor e ensaísta José Ovejero en *La ética del mal* (Anagrama, 2012) caracteriza como obras que poñen o lector perante o misterio do mal e do gozo e recreo que co mal e mais co sufrimento alleo experimentan algunhas persoas. Ovejero denomina este tipo de literatura *literatura da crueldade* e caracterízaa por unha total ausencia de calquera sistema de valores e empatía cara ao outro/outra.

¡A novelista estrutura o relato desde a primeira persoa-protagonista dun pai violador da propia filla que lembra o seu pasado desde o cárcere, onde sofre condena. O lector non saberá ata ben avanzado o texto cal é a causa desta condena e este é un dos acertos da narra-

ción. O narrador, ademais, é un depredador sexual, violador incluso da propia filla, mais que non amosa ningún tipo de arrepentimento. Seguindo o citado ensaio de Ovejero, o protagonista-narrador carece de calquera sentido moral, non empatiza para nada co outro e comprácese na dor e no sufrimento, neste caso das mulleres.

A autora deu no cravo así mesmo ao reproducir o particular rexistro lingüístico do depredador. Abonda coa súa linguaxe para que o *Noxento* estea perfectamente caracterizado. Por outra banda, a novela é tamén xa non só a análise do depredador sexual masculino, senón tamén, mesmo a través da linguaxe, unha presentación-crítica do machismo cotián. Está así mesmo perfectamente graduada a evolución en clímax do protagonista, no seu traxecto desde o machista depredador ata ser un

pederasta e violador da propia filla.

Como adoita ser propio na autora, non falta n tam-



pouco as referencias ao momento socioeconómico que estamos a vivir, especialmente a través da figura do sogro do No-

xento. Non menos interesante é a crítica ao sistema de valores da nosa sociedade en que prima, por riba de todo, o triunfo persoal e conseguir cartos para poder satisfacer todos os desexos, mesmo os inconfesables ou manter unha dobre moral pública-privada, como fai o sogro de Suso, o Noxento. Non menos dura é a imaxe que a novelista crea da sogra de Suso-O Noxento, a *exquisita*, que goza coa literatura, coa arte ou coa música, mais que pecha os ollos perante o acoso sexual ou calquera inxustiza, refuxiada no torre de alfaí da arte e da suposta delicadeza-elegancia. O sistema carcerario e as súas eivas tamén están moi ben tratados, mais que por descrições detalladas por indicios e informacións soltas, coma quen non quere a cousa. A autora ademais non é tampouco condescente coas propias mulleres. Lili, a nai da nena violada polo pai e esposa do *Suso o Noxento*, o depredador-pederasta-violador da

propia filla, mantén o comportamento covarde de moitas das mulleres maltratadas que, non sabemos moi ben por que, desculpan e tapan as súas parellas masculinas. Suso é o Noxento, mais Lili é aínda máis *noxenta* e non debemos malinterpretar o desenlace violento, que non se produce máis que polos ciúmes de Lili, non por outra causa. Non dicimos máis para non *destripar* a narración. Xa que logo, novela valente sobre un tema tan de actualidade como o dos depredadores sexuais e pederastas, que exercen ademais no seo da familia e mesmo co visto e prace da esposa. A historia, ademais, está contada desde a perspectiva do pederasta, Suso o Noxento. Acerta, como xa dixemos, a autora na estrutura e sobre todo na linguaxe. O *Noxento* non necesita máis caracterización ca a linguaxe que utiliza para que apareza perante os ollos de calquera lector/-a como o depredador sexual que non se detén nin perante a propia filla.

Sustentable e sostible



Acabo de ler estes días un libro onde se tratan aspectos da economía galega. Alí atopei os sintagmas *desenvolvemento sostible/desenvolvemento sustentable* usados de xeito indistinto. Son calco, evidentemente, do castelán *desarrollo sostenible*. Estes adxectivos *sostible/sustentable* e mais os sintagmas *desenvolvemento sostible/sustentable* aparecen xa non só na linguaxe específica da economía, senón tamén na da ecoloxía. Tampouco cómpre acudir aos textos especializados de economía ou ecoloxía. A partir da década dos noventa do pasado século, estes adxectivos e sintagmas son habituais nos libros de texto de ESO e mais de Bacharelato, especialmente nos de Ciencias Naturais e Sociais. Tamén pasaron ao xornalismo e mesmo a linguaxe coloquial estándar dunha persoa culta. Esta pasada semana un lector do interesantísimo e moi ben feito blog *Dúvidas do galego* de **César Lorenzo Gil** preguntaba se en galego se debía dicir **desenvolvemento sustentable, -bel ou sostible, -bel**. Mesmo rexistramos en textos os

substantivos *sustentabilidade/sostibilidade* referidos, no eido da economía e mais da ecoloxía, á capacidade para desenvolverse ao longo do tempo sen esgotar os recursos naturais, causando o mínimo impacto posible no medio. Non figuran tampouco estes termos como entradas nos dicionarios galegos habituais de uso.

Perante a dúbida de que elección facer ou cal termo preferir entre *sostible, -bel/sustentable, -bel* para utilizar no eido da economía e mais da ecoloxía, acudimos aos dicionarios galegos máis prestixiosos ou de referencia. O noso abraio é total, porque os dicionarios galegos de referencia descoñecen estes termos ou trátanos de xeito moi pobre. Pola contra, os dicionarios casteláns si introducen a expresión **desarrollo sostenible/sustentable**, na entrada **desarrollo**, que definen axeitadamente, como fai *Diccionario Clave. Diccionario de uso del español actual*. O dicionario en liña da RAG non inclúe na entrada **desenvolvemento** nada referido ao castelán *desarrollo sostenible*. No adxectivo *sostible* define simplemente con 'que se pode soste'. Ben é certo que pon este exemplo: *Programas para a consecución dun desenvolvemento sostible*. Pon como único sinónimo **sustibel**. Se consultamos a entrada **sustentable**, a RAG define con 'que se pode sustentar'. Mais pon un exemplo que nos fai pensar que pode ser sinónimo do *sostible* do exemplo anterior: Os

habitantes indíxenas da zona fomentan o aproveitamento racional e sustentable dos recursos naturais. Xa que logo, de acordo coa chamada *información implícita* do DRAG, tanto podemos usar *sostible* como *sustentable*. O *Gran Xerais* descoñece por completo esta realidade e non hai ningunha referencia a ela nas entradas **desenvolvemento, sostible, sustentable**. O *DEGU*, pola súa banda, rexistra en **desenvolvemento, a expresión desenvolvemento sostido**, que define como 'Teoría pola que o crecemento económico, a mellora da calidade de vida e o benestar social se conseguen sen esgotar a base dos recursos naturais renovables na que se sustenta e sen deteriorar o medio natural'. Mais o sintagma ou expresión **desenvolvemento sostido** alude máis ben a un desenvolvemento constante, sen ter en conta para nada o medio, como ben sinala o *Gran Xerais* na entrada **sostido**, 'que se sostén, que é constante (un desenvolvemento sostido da economía)'. O acabado de saír do forno *Diccionario Xerais de Secundaria e Bacharelato* en desenvolvemento non inclúe a expresión **desenvolvemento sustentable/sostible**. Non inclúe o adxectivo *sostible*, pero si rexistra como entrada **sustentable ou sustentábel**, que define como 'Que se pode sustentar'. Pon como exemplo **economía sustentable**. Xa que logo, este dicionario opta, implicitamente, por *sustentable*. Mais a definición é

incoherente, porque na entrada **sustentar** ningunha acepción se relaciona co significado especializado que toma **sustentable** no exemplo *economía sustentable*. Este dicionario define **sustentar** como 'servir de apoio... / dar o necesario para ... / defender unha idea ou teoría...'. Xa que logo, temos que dicir que os dicionarios galegos volven estar mal feitos e ás prásas. O rapaz ou a rapaza que se atopa nos seus libros de texto co adxectivo *sostible/sustentable* ou coa expresión *desenvolvemento sostible/sustentable* non atopa unha definición acaída para estes conceptos. Tampouco a atopa o usuario normal da lingua. A isto únese que non sabe se usar *sostible/sustentable/sostido*. A RAG, aínda que de feito e pola información oculta, fai sinónimos sen preferencias para esta acepción *sostible/sustentable* non rexistra este feito de sinonimia entre os dous. A elección entre o derivado en *-ble/-bel* e mais o derivado en *-do* parece doada. O concepto de desenvolvemento *sostible/sustentable* é imperfectivo; *-ble/-bel* teñen ese valor imperfectivo, mentres que *-do* ten un valor perfectivo. Xa que logo, está claro que cómpre elixir un derivado en *-ble/-bel*.

Se eliximos *sostible* estamos a seguir a preferencia do castelán peninsular (o castelán de América utiliza máis *sustentable*). Se eliximos *sustentable/sustentábel* seguimos a escolla do portugués, idioma en que resulta ha-

bitual a expresión *desenvolvemento sustentável*. Se consultamos as *NOMIG*, o principio 4 para a estandarización do galego di: *Para o arriquecemento do léxico culto, nomeadamente no referido aos ámbitos científico e técnico, o portugués será considerado recurso fundamental, sempre que esta adopción non for contraria ás características estruturais do galego*.

Dito o dito, a cousa queda clara. En galego debemos preferir **sustentable, -bel a sostible, -bel** de acordo co devandito principio 4 das *NOMIG*. En canto aos nosos dicionarios, cómpre que na entrada **desenvolvemento** inclúan a expresión **desenvolvemento sustentable, -bel**, que poderíamos definir como En economía e ecoloxía, mantemento do crecemento económico ao mesmo tempo que se protexe o medio, sen o deteriorar e non se esgotan os seus recursos. Cómpre introducir como entrada o adxectivo **sustentable** ou **sustentábel** e definilo como: *En economía e ecoloxía, capacidade para desenvolverse ao longo do tempo sen esgotar os recursos naturais, causando o mínimo impacto medioambiental posible. Incluso aconsello incluír o substantivo sustentabilidade e definilo como En economía e ecoloxía, capacidade para se desenvolver ao longo do tempo sen esgotar os recursos naturais, causando o mínimo impacto medioambiental posible*.

Por: Manoel Santos

Comunicación Anova-IN


Eduardo Galeano, un eterno irmán e compañeiro

Anova-Irmandade Nacionalista, e especialmente o seu portavoz Xosé Manuel Beiras, choramos hoxe o pasamento do máis grande entre os grandes, Eduardo Galeano. Un amigo. O amigo.

Eduardo, patrimonio da humanidade, montevidéan lúcido e xa eterno, máster en debullar atropelos mundanos e decoralos cos máis fermosos disfraces, cigarrón da palabra acaída e abridor de ollos, deixonos hoxe logo dunha longa, moi longa doenza, que nunca puido nin coa súa palabra nin co seu compromiso. Eduardo Galeano nin escribía nin malgastaba. Deixaba caer as palabras xustas, as ideas claves e as reais realidades sobre abrancazados anacos de celulosa prensada, para logo imaxi-

nalas de novo e ceibalas ao aire aos poucos, con ese acento engaiolante e esa axilidade verbal coas que a nai natural agraciou os fillos do cono Sur. Dalgún xeito semellaba unha persuasiva serea de canto doce e suxectivo, que xurdiu de súpeto na Odisea vital do lector ou do oínte prestos a naufragar. Porque o naufraxio existe. O mundo humano é un afundimento provocado polos de arriba para desgraza dos de abaixo, como el dicía, obrigados a vivir eternamente entre augas, sen poder saír a respirar nin ser quen de descansar no fondo. Pero sempre hai un náufrago, un abridor de ollos, que loita polo reflote. Ese era Galeano.

Que a terra che sexa leve.



Segundo o dicionario do noso tempo, as boas accións xa non son os nobres xestos do corazón, senón as accións que cotizan ben na Bolsa, e a Bolsa é o escenario no que acontecen as crises de valores. O mercado xa non é o entrañábel lugar onde un merca froitas e verduras no barrio. Agora dinlle Mercado a un temíbel señor sen rostro, que di ser eterno e nos vixia e nos castiga. Os seus interpretes anuncian: O Mercado está nervioso, e advirten: Non hai que alporizar o Mercado. Comunidade Internacional é o nome que dos grandes banqueiros e dos xefes guerreiros. Os seus plans de axuda venden salvavidas de chumbo aos países que eles afogan e as súas misións de paz pacifican os mortos. Nos Estados Unidos, ao Ministerio de Ataques chamalle Secretaría de Defensa, e se chaman bombardeos humanitarios os seus diluvios de mísiles contra o mundo. Nunha parede, escrito por alguén, escrito por todos, leo: "A min dóeme a voz". ("Ladróns de Palabras", de Bocas del tiempo, 2004)



Por: Domingo Guerra

Economista

Estamos a sufrir en silencio excesivo e sen saber até cando

Os que nos formamos aprendendo dos escritos de Xaquín Álvarez Corbacho, os que tivemos a oportunidade de traballar con el, e os que aínda o acompañamos, de vez en cando, para tomar un café en Compostela, agora que a política municipal cobra especial relevancia pola proximidade dos comicios electorais, agradecemos o seu novo libro.

O ensaio «Educación democrática ou barbarie», publicado por Edicións Laiovento, nace «para coñecer mellor a economía municipal e para reforzar a educación democrática».

O que fora alcalde de O Grove, catedrático de economía aplicada da Universidade de A Coruña, e membro do Consello de Contas de Galicia, comenta con detalle, no libro, a distribución das subvencións autonómicas aos concellos. E rememora que ese foi obxectivo prioritario cando asumiu o cargo de conselleiro da área de corporacións locais. De feito, o primeiro informe analizou as subvencións entregadas polas diferentes consellerías nos exercicios 1998-1999, incorporando os datos nunha táboa que molestou a unha parte do pleno da Institución. O informe non sería aprobado, pola negativa de retirada. Sen embargo, despois de varios plenos consensuouse eliminar a táboa, pero incorporando como anexo as contías e concellos beneficiarios.

Cando se fixo público o informe, Xaquín escribiu un artigo no xornal El País (cadro incluído) onde se amosaba que os concellos gobernados polo PP recibiron o 92,3% das subvencións da Xunta (tamén do PP). A resposta foi o silencio parlamentario, do Goberno e da sociedade. Esta labazada permitiulle entender mellor a dimensión do problema e danos derivados cando fracasa a cultura democrática.

A obra examina tamén outras cuestións de rabiosa actualidade, como a crise demográfica, os problemas do financiamento, as vellas políticas das deputacións, as miserias que xorden cando o urbanismo non está e as urxencias dunha nova planta municipal. Problemas básicos que, en palabras do autor, «estamos a sufrir con silencio excesivo e sen saber até cando».

Porque, a estas alturas da película, preocupa, e moito, a obsesión interesada do Goberno do Estado polo equilibrio orzamentario, que debilita ao municipio, como tamén o fai o reforzamento do papel das deputacións en detrimento dos concellos; así como a inactividade da Xunta de Galicia e a preguiza da Federación galega de municipios e provincias, para diagnosticar e se enfrontar aos verdadeiros problemas que afectan ao municipalismo galego.

Pero, como di o «peixe intelixente» que figura na portada do libro «os concellos abrirán camiño». Porque é no municipio onde reside a forza dos pobos libres. E porque, os concellos, son a mellor escola de convivencia democrática. Xa o dicía Alexis de Tocqueville e o repite, sempre, Xaquín Álvarez Corbacho.

Domingo Guerra, economista; especialista en economía pública e política económica, pola USC e columnista no xornal "Quepasancosta". Artigo escrito para AMEGA (Asociación de Medios en Galego)



Somos Nós entra en campaña

O colectivo que lidera Anxo Quintana esixiralle ao Goberno central un reparto equitativo dos fondos locais. Di que, aínda que aínda que o traballo do BNG "é importante", o seu traballo "non é suficiente".

Somos Nós comezará en breve a súa andaina como grupo organizado cunha campaña para que o Estado español teña en conta a dispersión poboacional de Galicia. Será a primeira gran acción deste colectivo que naceu en febreiro baixo a batuta do ex vicepresidente da Xunta e ex líder do BNG, Anxo Quintana, canda outros destacados dirixentes políticos e activistas sociais.

"O que quero é deixar atrás o debate de que é Somos Nós e pasar ao debate de que propón Somos Nós", dixo Anxo Quintana este domingo nunha entrevista na Cadena Ser. Por iso, con esta campaña, Somos Nós quere esixirle ao Goberno central unha repartición máis equitativa do fondo local, que teña en conta a particularidade da dispersión poboacional.

"Non imos competir electoralmente, non teño ningunha intención de volver á política neses termos, pero noutros termos, propor fórmulas de consenso e unión é unha forma de facer política", dixo o ex líder nacionalista que volveu a insistir na necesidade de "buscar movementos de unidade e puntos de encontro" con outras forzas.

Precisamente, a decisión de poñer xa en marcha Somos Nós ven dada, segundo suliñou, porque os partidos políticos non son suficientes. Neste sentido, e como militante do BNG, apuntou que, aínda que a súa labor é importante, "o seu traballo non é suficiente".

"Por iso é necesario mobilizar aos cidadáns de base e ocupar un

espazo necesario para provocar esa revolta cidadá en clave de país", dixo. Sobre o mapa político actual, o portavoz nacional do BNG cre que "é consecuencia dunha situación moi concreta que leva a un distanciamento dos cidadáns da política". "Creo que tamén é consecuencia de buscar fórmulas de achegar a política aos cidadáns, non comparto a idea de que se vaia a producir un crack político dun momento a outro, desgraciadamente non vai ser así, pero creo que si vai haber reformas importantes que van tocar o modelo territorial do Estado", dixo. Por iso, insinuou que, neste novo contexto, Galicia "xógase moito" (Tomado de Galiciaconfidencial.com)



Vila Nova de Cerveira

Aquamuseu do Rio Minho

História do projecto

O projecto “Aquamuseu do Rio Minho” nasce numa relação profissional a nível da investigação científica na área da Ecologia Aquática desenvolvida no rio Minho e promovida pelo Instituto de Ciências Biomédicas Abel Salazar da Universidade do Porto na década de 80. Em 1988, foi proposto pela primeira vez à Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira a implantação de um laboratório de apoio aos trabalhos de investigação, denominado “Estação Hidrobiológica do Rio Minho”. Em 1991, são alargados os objectivos do projecto, adquirindo o mesmo, a

componente da divulgação do património natural e cultural, e a de Formação Ambiental. Em 1998 iniciam-se os trabalhos visando a elaboração do projecto de execução, tomando o mesmo a designação de “Aquamuseu do Rio Minho”, tendo a Autarquia, no ano de 2000, realizado um concurso público, visando a adjudicação da obra. Em 26 de Novembro de 2001 iniciam-se os trabalhos no terreno, nascendo assim o primeiro projecto, em Portugal, dedicado a uma bacia hidrográfica no que diz respeito aos seus múltiplos objectivos. Abriu ao público no ano de 2005



O projecto

O Aquamuseu do Rio Minho está localizado em Vila Nova de Cerveira, na zona do Castelinho, atingindo uma área útil de ocupação de cerca de 1100 m². Está dividido em 3 pisos (cave, piso 0 e piso 1), os quais são constituídos por uma zona pública: recepção/loja do rio, Aquário Público do rio, Museu das pescas, biblioteca/auditório e lontrário, e uma zona técnica: quarentena, laboratórios, sala de alimentação, oficina, zona de manutenção da qualidade da água e tanques de reserva de água. No Aquário Público do Rio está exposta, em aquários com volumes entre 1200 e 5000 litros, a vida aquática dos biótopos mais característicos do rio Minho, dividida numa zona

nascente, zona intermédia e zona de estuário. Os visitantes fazem um percurso que simula a descida do rio Minho, desde a nascente até à foz, onde vivem as trutas, as bogas, as enguias, o esgana-gata, o rodovalho, o peixe-rei, o polvo, entre outros. Numa zona exterior do edifício vive um mamífero presente na bacia hidrográfica do rio Minho - a lontra (*Lutra lutra*).

A água, doce e salgada, funciona em regime fechado, com renovações periódicas, e a sua qualidade é mantida com a ajuda de filtros mecânicos e biológicos, luz ultra-violeta, escumador e ozonizador. Todo

o sector técnico está dotado de ar comprimido e os serviços mínimos do edifício estão garantidos em caso de falha de energia, com a



presença de gerador.

No museu das pescas estão expostas artes de pesca antigas e recentes (profissional e desportiva), objectos relacionados com a pesca artesanal, maquetas de barcos e fotografias a p/b.

A biblioteca é temática e abrange os recursos naturais em



geral e os ecossistemas aquáticos e semi-aquáticos, em particular. Caso se justifique, este espaço pode ser adaptado num pequeno auditório.



Programas e serviços

O rio Minho internacional faz parte da Lista Nacional de Sítios da rede Natura 2000, a qual resulta da implementação de duas Directivas Comunitárias distintas, a Directiva 79/409/CEE (Directiva das Aves) e a Directiva 92/43/CEE (Directiva Habitats). No âmbito da primeira Directiva, os estuários dos rios Minho e Coura fazem já parte das denominadas Zonas de Protecção Especial. Destacam-se ainda o Parque Nacional da Peneda do Gerês e a Área Protegida do Corno do Bico.

A porção internacional do rio Minho, com cerca de 80Km de extensão, encontra-se livre de qualquer barreira física o que permite ainda a subida de migradores como a enguia, a lampreia, o sável, a savelha, a truta marisca e o salmão, espécies estas que contribuem para a manutenção da pesca artesanal a qual representa ainda um complemento importante em termos económicos para a população ribeirinha. No aspecto lúdico, a região é visitada por pescadores desportivos que para além de algumas das espécies mencionadas encontram espécies residentes e apreciadas neste tipo de actividade, nomeadamente o achigã, a carpa, a solha e a tainha, entre outras.

A localização geográfica privilegiada do Aquamuseu do Rio Minho permite ao nível da investigação e da formação ambiental usufruir facilmente de diferentes biótopos, nomeadamente o limnológico, o estuário, o sapal, o marinho e o de montanha. O seu programa de actividades incide principalmente em 3 grandes áreas:



Investigação Científica

As águas são um dos maiores agentes erosivos do nosso planeta. Rios e ribeiros não só afectam as terras por onde passam, ao longo do tempo, assim como são directamente afectados pelos vales onde correm. Por esta razão são das áreas que exigem maior interdisciplinaridade: geologia, geomorfologia, mecânica de fluidos, bioquímica, dinâmica de nutrientes, microbiologia, botânica, zoologia de invertebrados, biologia das pescas e bioreprodução, são algumas das disciplinas da ecologia limnológica.

Com o aumento de reconhecimento de que os rios e ribeiros são fundamentais à existência humana, assim como à biodiversidade global, o caminho na sua conservação e restauro, quando possível, é fundamental.

O conjunto de laboratórios do Aquamuseu do Rio Minho serve de local de apoio a trabalhos de

investigação a realizar na bacia hidrográfica do rio Minho, assim como a trabalhos directamente relacionados com a actividade do Aquamuseu do Rio Minho.

As prioridades do Aquamuseu em termos da promoção do conhecimento do património natural, passa pelo desenvolvimento de programas de investigação em parceria com outras instituições, aceitação de estagiários (que encontram aqui meios para desenvolver os seus projectos), colaboração com entidades públicas ou agentes privados.

As linhas de investigação são diversificadas mas sempre com o objectivo de promover o conhecimento sobre a estrutura e funcionalidade dos diferentes ecossistemas, de forma a poder contribuir nas acções consideradas válidas para um desenvolvimento sustentável da região.

Existem colaborações com a Universidade do Porto (Instituto Ciências Biomédicas Abel Salazar e Centro Interdisciplinar de Investigação Marinha e Ambiental), Universidade do Minho, Universidade de Vigo e de Santiago de Compostela (Estação Hidrobiológica de Encoro de Con).

Educacional

Os diferentes espaços do Aquamuseu servem de local de apoio a trabalhos a desenvolver com os alunos das escolas da região, já que estão dotados com o equipamento laboratorial básico, assim como com material biológico fresco e preservado. Estas actividades na área educativa têm como suporte de conhecimento o programa de investigação dos ecossistemas da bacia hidrográfica do rio Minho. Este conhecimento adquirido é dirigido na aplicação de programas

a desenvolver com diferentes grupos da população, em particular o estudantil, desde o Jardim Infantil à Universidade Sénior.

O Aquamuseu do rio Minho divulga pelas escolas da região um programa pedagógico com diferentes actividades adaptadas às diferentes faixas etárias. As instituições de ensino, por marcação prévia, solicitam a reserva das que pretendem usufruir, por exemplo: "Pintar os peixes do rio Minho", "Conhecer as plantas", "Conhecer os animais", "O que vi no Aquário do Rio?", "Escola do rio", "O Meio Físico e Químico", "Os pequenos animais que vivem no sedimento", "Os peixes", "Relações alimentares", entre outras. Para apoiar estas acções é disponibilizado material bibliográfico e didáctico aos alunos e

Didático-cultural

Nesta área, para além do elemento de atracção que por si só o Aquamuseu do Rio Minho constitui, pretende-se explorar outras temáticas e/ou outras formas de desenvolver os objectivos para os quais o Aquamuseu está vocacionado.

Organizam-se exposições temporárias e permite-se a criação de grupos de férias que participam de uma forma descontraída e exploram temas didácticos, como a poluição, a reutilização de resíduos, a construção de casas-ninho, a realização de um "pedipaper", registo de pedagadas, etc.

O Aquamuseu do Rio Minho leva a cabo a organização do Simpósio Ibérico Sobre a Bacia Hidrográfica do Rio Minho, que



professores, material de campo e equipamento laboratorial em função das actividades a desenvolver.

O Aquamuseu tem ainda capacidade de transportar, por via fluvial, grupos de alunos a diferentes locais e consoante o objectivo da visita (exemplo: ilhas, zonas de vasa, foz do rio Coura, etc.).

A grelha de programas e actividades apresentada é dinâmica, sendo ajustada em função das sugestões e/ou necessidades de professores e alunos.

vai na sétima edição e que divulga os resultados de diferentes trabalhos levados a cabo por portugueses e espanhóis na área de bacia hidrográfica.

Desenvolve actividades pedagógicas com grupos de cidadãos, em particular com os pescadores da região, onde num espírito de cooperação são partilhadas informações quer da actividade piscatória quer do conhecimento científico que resulta dos trabalhos de investigação desenvolvidos nos últimos anos.



Galicia

Mozas en suxeitador no programa do PP de Ourense

O candidato do PP á Alcaldía de Ourense presentou onte o seu programa electoral "con ilusión por amosar o noso modelo de cidade". O político salientou que o programa consta de dez grandes bloques no que se encadran 200 medidas "participativas, ambiciosas e, sobre todo, que poidan ser cumpridas. Queremos facer realidade".



Con todo, a presentación das propostas conservadoras xerou polémica segundo recolle o dixital, (da Asociación de Medios en Galego) por unha imaxe na sección de mocidade, en concreto na páxina 44, na que se aprecia unha fila de persoas, a maioría mulleres. Varias delas aparecen en sostén e vaqueiros. Hainas tamén en toalla e tacóns, ou con uniformes que parecen de animadora.

Inmediatamente chovéronlle as críticas ao PP de Ourense. "É a idea que o PP ten da diversidade e da xuventude?" preguntouse Laura Seara. Para a deputada do PSdeG a imaxe é "decadente" e "sexista". Noela Blanco Rodríguez, secretaria provincial de Medio Ambiente dos socialistas en Ourense, denuncia que "elas en suxeitador e toalla, eles en vaqueiros" e que a "a campaña dirixida á mocidade do PP de Ourense destila sexismo".

A fenda profunda da crise na economía galega

A economía galega está estancada e o país sae da crise con máis lentitude e maior febleza que o conxunto do Estado.

Esas son as principais conclusións que o Foro Económico de Galicia (FEG) saca do seu primeiro informe de conxuntura deste ano 2015, no que varios indicadores veñen confirmar e explicar o precario crecemento da comunidade, tal e como indicaron os datos de incremento do PIB, que foi do 0,5% na autonomía, o peor dato dunha España que medrou un 1,4%, segundo recolle o xornal dixital Praza da Asociación de Medios en Galego. Hai dous factores que explican e "matizan" ese crecemento continuo nos últimos catro trimestres, que en Galicia é moito máis débil: o parón do sector exterior e a atonía da demanda interna. No primeiro caso, leva cinco trimestres seguidos con achegas negativas ao crecemento do PIB e, o que é "máis negativo", as empresas galegas que venden fóra de España redúcense, algo que "non acontecía desde 2009", tal e como destaca o FEG.

En canto á demanda interna, o Foro destaca que presenta valores positivos na súa achega ao PIB (0,7%), con crecemento do investimento tras seis anos de contracción (1,3%), pero cun impulso "máis

curto e débil" que no resto das autonomía.

Fernando González Laxe, coordinador do informe, explicou que as crises "deixan pegadas moi profundas, secuelas moi desfavorables e fendas que existen reparacións

O estancamento do sector exterior e a atonía da demanda interna explican o crecemento débil de Galicia

e selado". No caso de Galicia, segundo di, esas fendas son máis profundas que no Estado. Así, mentres o país medraba antes da crise máis que a media, agora está a afrontar a saída da crise "con máis debilidade".



O Atlético de Madrid celebrará as victorias brindando con viño de Amandi

O presidente do club pronunciou o pregón da feira máis veterana da Ribeira Sacra

Celebrouse en Sober (Lugo) a 35 edición da Feira do Viño de Amandi, o certamen máis veterano dos cinco que se celebran na Ribeira Sacra. Araceli, Humberto e Miguel Vázquez e Carmen Rodríguez, fillos e viúva, respectivamente, de Antonio Vázquez, o fundador da adega Malcavada cortaron unha cepa a modo de inauguración da feira.

Por: Jesús Losada

A organización decidiu que fosen eles os encargados de abrir a feira en homenaxe ao adegueiro Antonio Vázquez, falecido en xuño de 2014. Nesta edición da feira participaron 22 adegas coas súas casetas instaladas baixo a enorme carpa colocada na praza. Celebrouse unha cata oficial de viños. Os adegueiros recolleron os seus premios logo de que o presidente do Atlético de Madrid, Enrique Cerdiera, lese o pregón do certame.

Cerdiera prometeu que o club celebrará as súas próximas vitorias "brindando con viño de Amandi". Enrique Cerdiera agradeceu a invitación a ser o preegoiro desta festa nun municipio que xa coñece, porque o seu xenro ten raíces familiares en Sober. Cerdiera investiu máis dunha hora asinando autógrafos e pousando para fotografías con quen se achegaron a saudarlle. O Concello, que preside Luís Fernández Guistián, puxo en marcha un concurso

para elixir o mellor "selfie" desta festa. O premio é un lote de botellas das 22 adegas que estaban presentes no certame. Co remate da feira acabou tamén o denominado Mes de Amandi, o programa de actividades que a precede desde hai varios anos. A última delas tivo lugar na escola de hostalería de Rosende e consistiu nunha demostración de maridaxe na que se elaboraron e degustáronse pratos nos que o viño de Amandi serviu como ingrediente xunto coa pescada de Celeiro, a coñecida protagonista da Festa da Pescada do Petisco que se celebra nesta localidade da Mariña Laguesa. Membros da confraría de pescadores de Celeiro presentaron este produto aos alumnos e profesores do centro, que se encargaron da elaboración

■ A familia de Antonio Vázquez, da adega Malcavada, inaugurou a feira cortando simbólicamente unha cepa.

dos pratos. Nesta experiencia preparouse un menú que comprendía taco de pescada en salsa verde, pastel de pescada con maionesa de piparras e aire de encurtidos, pescada ao pil-pil de lima e cinza de lura, pescada con emulsión de

ajada galega e caviar de pementos, pescada e guisantes e xamón e salpicón de pescada, manga e brotes tenros de cebola.



■ Centos de persoas acudiron a feira durante dous días e degustaron o viño das adegas de Amandi, da denominación Ribeira Sacra.



Por: Rafael José Adalid Rodríguez

Seguramente a Dionisio, como se denominaba na Antiga Grecia, ou Baco na antiga Roma ó deus da vendima, do viño e o patrón do teatro e dos agricultores. Sentiría especial predilección e honorabilidade pola comarca da Ribeira Sacra e a produción do seu viño. Na Ribeira Sacra atopamos viños dunha especial calidade. Elaborándose o viño branco a partir das uvas godello e o tinto a través das uvas Mencía, das que incluso se aproveita o bagazo para a confección de saborosos augardentes. Dada a situación xeográfica da comarca e a insustauración das súas viñas ó

longo do Canón, diremos que se atopa baixo a influencia dun clima atlántico - continental e dun microclima instaurado no Canón do Sil, que xunto coa calidade das súas augas axudan na confección da polpa, até convertela nun manxar exquisito, gozado polos padais de innumerábeis xeracións durante séculos, converténdose por tanto nun elemento patrimonial.

Na Grecia Antiga, os novos e as mulleres, salvo que foran da

Baco, viño e a Ribeira Sacra

elite, tiñan prohibido beber viño. Tendo os seus habitantes a Dionisio como o deus protector da vide, celebraban festas na súa honra como as Pequenas Dionisias (festas da vendima), Antesterias (festas polo retorno de Dionisio do inferno), ou as Grandes Dionisas (procesión nocturna con fachóns paseando unha estatua do deus), cumprimentado unha serie de festas coas que podemos establecer relacións hoxe en día pola influencia dos romanos.

Os romanos adaptaron dos gregos as festas de Dionisio. Estas festas, que nun comezo tiñan un matiz relixioso, co tempo dexeñaron, converténdose en festas privadas chamadas bacanais que foron prohibidas no ano 186 antes de Cristo, polo Senado Romano por ser escandalosas. Nelas inxeríase viño de forma desmesurada por parte dos comensais, podendo establecer polo tanto unha comparación cos festexos de exaltación da produción vitivinícola, como

son as denominadas "Festa do Viño". Elemento que é central na Ribeira Sacra e en toda Galicia nas diversas celebracións, por estar presente en case todas as comidas.

Como apunte final sobre o viño, destacaremos que, tanto os gregos como os romanos, tiñan o viño non só como unha bebida para alegrar a vida se non tamén como medicina, desinfecante, que mesturada con outras sustancias empregábase como laxante ou como hipnótico.



Braga

Expourense promocionou as próximas feiras Vinis Terrae, Termatalia e Xantar

Braga celebrou o Día de Galicia na Feira Internacional de Agricultura, Gando e Alimentación

Por: Jesús Losada

A Feira Internacional de Agricultura, Gando e Alimentación, que se organizou do 26 ao 29 de marzo na localidade portuguesa de Braga, celebrou o Día dedicado a Galicia que contou cunha visita institucional integrada por representantes de Expourense: o presidente do seu comité executivo e presidente da Cámara de Comercio de Ourense, Juan Carlos Parada; a directora adxunta de Expourense, Emma González, o representante da Asociación Galega de Cooperativas Agrarias (AGACA) e o presidente de Hortoflor, Carlos Gómez Díez. Asistiron tamén distintas autoridades lusas como o Secretario de Estado de Agricultura de Portugal, José Albuquerque, o presidente de INVEST Braga, Carlos Oliveira e o director do Parque de Exposicións de Braga, Humberto Carlos. Foi a edición número 48 desta feira, case cinco décadas nas que esta cita desenvolve un relevante papel de

promoción e divulgación dos produtos e que serve de punto de encontro das empresas agroalimentarias de todo Portugal recibindo máis de 80.000 visitas en catro días. En virtude dos convenios de cooperación transfronteiriza que Expourense mantén con distintas entidades do Norte de Portugal entre as que se encontra o Parque de Exposicións de Braga onde se celebra AGRO, o recinto feiral

ourensán tivo un posto na Área Gastrónomo da feira dende o que se promoveu as súas próximas citas vencelladas ao sector primario e ao turismo e nas que o mercado portugués xoga un importante papel. Ambas as dúas entidades colaboran para garantir a promoción dos seus recursos nos eventos organizados pola outra e que están vencellados co termalismo, o viño ou a gastronomía, potencialida-

des que comparten as dúas áreas da Eurorregión. As citas que Expourense promoveu en Braga foron: Vinis Terrae, VI Salón do Viño e Licores Galegos de Calidade (do 25 e 26 de maio); Termatalia, 15ª Feira Internacional de Turismo Termal (do 24 a 26 de setembro) e Xantar, 17º Salón Galego de Turismo Gastronómico (do 2 a 6 de marzo de 2016). Para finalizar o día dedicado a Galicia, Expourense ofreceu unha degustación de produtos galegos de empresas colaboradoras como foi o caso da De-

nominación de Orixe Monterrei e Aceites Abril. Na feira estivo presente Ferretería Avenida, de Ribadavia, con representación de ferretería en xeral e maquinaria e materiais concretos para adegas vinícolas. Entre as novidades desta 48ª edición de AGRO destacou a creación dunha Área Gastrónomo con exposición de produtos como aceites, cervexas artesanais, queixos, viños e doces que se sumaron á trintena de sectores representados nesta cita agrogandeira e da alimentación.



■ O Secretario de Estado de Agricultura de Portugal, José Albuquerque, segundo pola esquerda, con responsables de Expourense.



Semana Santa

A Casa acolleu o 25 de marzo a presentación en Madrid da "Semana Santa de Lugo"

Turismo Relixioso, Patrimonio Cultural, Lugo Romano e Lugo Verde, fan da cidade un destino único e incomparable



A Casa de Galicia, delegación da Xunta en Madrid, acolleu esta mañá a presentación en Madrid da Semana Santa de Lugo, co obxectivo de dar a coñecer e difundir, entre medios e público en xeral, a tradicional Semana Santa lusenense e todos os atractivos que a rodean. Turismo Relixioso, Patrimonio Cultural, Lugo Romano e Lugo Verde, fan da cidade un destino único e incomparable.

No acto que estivo presidido polo delegado da Xunta en Madrid e director da Casa, José Ramón Ónega, interviñeron a concelleira de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua de Lugo, Carmen Basadre; o delegado de Patrimonio Histórico,

Artístico da diocese de Lugo, César Carnero; e o coordinador xeral da Xunta de Confrarías da Semana Santa de Lugo, Ramón Basanta.

Para José Ramón Ónega, "como lucense que son, sempre é para min un motivo de orgullo acoller un acto como este. Todo o que sexa promover a nosa terra será sempre benvido nesta Casa".

Pola súa banda, Carmen Basadre anunciou esta mañá que se iniciou o traballo para solicitar que a Semana Santa de Lugo sexa declarada Festa de Inte-

rese Turístico Galego e explicou que "esta celebración relixiosa ten moita tradición na cidade e son moitas as persoas que cada ano se achegan a Lugo para seguir as vistosas procesións". Basadre tamén aproveitou a presentación para invitar a todos os cidadáns a achegarse a coñecer Lugo nestas datas, xa que "ademais dos eventos relixiosos, as persoas que nos visiten poderán gozar dos numerosos atractivos que ofrece Lugo" e citou entre eles, o patrimonio monumental, os numerosos restos arqueolóxicos, o entorno natural do Río Miño, sen esquecer por suposto, a rica oferta gastronómica. Ademais, o Concello de



Lugo ofrece unha variada programación de ocio entre o 28 de marzo e o 5 abril que inclúe numerosas actividades e visitas turísticas guiadas gra-

tuídas para cantas persoas desexen coñecer a cidade.

Para César Carnero, delegado de Patrimonio Histórico-Artístico da diocese de Lugo, a Semana Santa de Lugo está intimamente ligada ao privilexio da Exposición permanente do Santo Sacramento no Altar Maior da catedral, "a tradición eucarística de Lugo, plásmase en que, dende o ano 1963, a procesión do Xoves Santo é a única en España en que a Sagrada Forma sae a procesionar polas rúas da cidade e no acto excepcional que se desenvolve na mañá de Pascua consistente no encontro entre Cristo Resucitado e a súa Nai".

Mentres, o coordinador da Xunta de Confrarías de Lugo, Ramón Basanta quixo recalcar que cada ano é máis numerosa a participación na Semana Santa lusenense porque conta con "peculiaridades e privilexios excepcionais que a fan completamente diferente á doutros lugares de España e, polo tanto, merecedora de ser visitada".

Durante a presentación, proxectáronse preto dun centenar de magníficas imaxes de Lugo e a súa Semana Santa.



Triálogos de Arquitectura 2015

"Arredor da restauración"

Co gallo de achegar a figura do arquitecto no ámbito da Delegación de Pontevedra aos cidadáns e xerar, ao mesmo tempo, un diálogo e contraste de opinións entre profesionais con diferentes modos de ver e entender a arquitectura, preséntase o segundo ciclo de conferencias "Triálogos de arquitectura", dando continuidade ao primeiro, que se realizou en maio de 2012, e que tivo como temática "a vivenda de nova construción".

■ "Triálogo: conversación a través do logos entre tres"

Estas conversas, a tres bandas, porán de relevo a obra de tres arquitectos ou estudos de arquitectura, de xeracións diferentes, cun tema común de actuación, nesta ocasión, o da RESTAURACIÓN, REHABILITACIÓN OU REFORMA en obras de promoción privada, temática que responde á crecente demanda social de proxectos desta tipoloxía, e na que a valorización do patrimonio arquitectónico toma vital importancia.

Esta segunda edición dos Triálogos de Arquitectura contará coa

participación de 12 estudos, arquitectos e arquitectas, que mostrarán cada unha das obras construídas, proxectos ou propostas que contribúen con diferentes maneiras de enfrontar unha rehabilitación ou reforma e que demostrarán, sen dúbida, a personalidade de cada un dos seus autores.

O tempo destinado a cada un será de 20 minutos (10 minutos por obra). Unha vez realizadas as exposicións procederase a un debate ou tertulia nos que poderán participar coas súas preguntas e reflexións todos os asistentes ás charlas, así como os promotores

das obras, que tamén poderán colaborar coa súa experiencia e punto de vista.

As tríadas de profesionais da arquitectura farán as súas exposicións desde o 15 de abril, durante catro mércores consecutivos, na Casa das Campás, en horario de 20:00h a 21:30h, sendo a última das presentacións o 6 de maio. O carácter das charlas é totalmente aberto ao público, por esa razón o COAG convida a participar de todos os pontevedreses que queiran achegarse.



Mércores 15 de abril. Planta 2a Casa das Campás.
Sara Besada Porto, Francisco Marquez Tain
e Mauro Lomba Martinez

Mércores 22 de abril. Planta baixa Casa das Campás
Estevez y Gonzalez arquitectos, recunaedapena arquitectos
e Maria Jose Farina Busto

Mércores 29 de abril. Planta 2a Casa das Campás
Maria Pierres Lopez, U+A arquitectura
e Rodriguez+Pintos arquitectos SLP

Mércores 6 de maio. Planta baixa Casa das Campás.
Estudio Xarda, Miguel Monteagudo Pazo
e Santos - Mera arquitectos

A ponte románica de Ourense terá nova pavimentación, senda peonil e paseo baixo un dos arcos

Un plan de actuación da Xunta de Galicia recolle un total de quince actuacións na ponte románica de Ourense e maila súa contorna cun investimento de case un millón de euros.

A primeira das actuacións, xa en marcha, consiste na retirada manual da maleza e vexetación da ponte, realizada dun modo respectuoso tal e como se fixo en 2010 e 2013. A ponte vella de Ourense foi declarada monumento histórico-artístico no ano 1961 e presenta na actualidade un bo estado na súa estrutura, pero a Xunta acometerá actuacións para contribuír ao seu mantemento e a unha mellor conservación, polo que o plan se irá desenvolvendo progresivamente. Algunhas das accións serán a restauración puntual da sillería da ponte, pequenas reparacións da calzada, a retirada e traslado da tubaxe da rede de abastecemento, nova iluminación e retirada daqueles elementos do mobiliario urbano nas proximidades do monumento que non sexan acordes coa contorna. A conselleira aclarou que tamén se actuará nas inmediacións da ponte, co fin de realzar o monumento cunha nova

pavimentación e co acondicionamento da rúa entre a ponte romana e a capela dos Remedios, a construción dunha senda peonil e un paseo baixo un dos arcos, así como a instalacións de paneis informativos con datos sobre o monumento para unha maior divulgación e promoción. Trátase dun conxunto de actuacións que se realizarán en dúas fases e que teñen por obxectivo a recuperación da integridade estética da ponte e a mellora do seu contorno, para que gane sona a propia ponte.

A ponte romana outrora quedaba nos arredores da cidade e era lugar de paso de viaxeiros, mercadores e peregrinos, ademais, era lugar frecuentado por maleantes. A próxima capela dos Remedios, levantada no século XVI polos Méndez Montoto, tiña como fin a cristianización da zona, feudo de delincuentes. No campo dos Remedios, coñecido tamén como campo da Verdade, producíronse duelos con arma

branca, romarías e feiras. A ponte é romana nas súas orixes, pero a súa construción tivo moitas modificacións e arranxos debido aos posibles problemas construtivos iniciais. Pénsase que o deseño orixinal fíxose con demasiada luz, é dicir, o arco central era demasiado grande, o que provocou problemas de estabilidade que se alargaron



■ A ponte romana é un dos principais símbolos da cidade das Burgas.

durante toda a Idade Media. Os romanos elixiron este lugar para realizar tan importante obra de enxeñería, e esa decisión afectou na vida de miles de persoas ao longo da historia, xa que foi este, durante centos de anos, o único paso do río Miño en varios quilómetros arriba e abaixo. A ponte romana, que é un dos principais

símbolos da cidade, recibiu diversos nomes como Ponte Vella, Ponte Maior ou simplemente A Ponte. A súa importancia é tal que aparece no propio escudo da cidade. Crese que se comezou a construír no século I nos tempos de Trajano, aínda que segundo outros sería en tempos do emperador Augusto. Da súa fábrica orixinal consérvanse apenas algunhas pedras na base. No século XII, foi reconstruído, de aí eses arcos apuntados e as rampas, pero os problemas construtivos foron definitivamente liquidados no século XVII. A ponte tivo unha torre que foi demolida no século XIX, pero permaneceu viva grazas a que se atopa no escudo da cidade. Outros datos sobre a ponte dinnos que a clave está a 38 metros sobre o nivel do río, que ata a construción da Ponte Nova foi o único paso en quilómetros augas arriba e abaixo, aínda que anexo había un paso para barcas coñecido como "Porto Auriense".

Ourense

Deputación e Confederación Hidrográfica Miño-Sil impulsan un proxecto internacional para os ríos, ligado á actividade termal

A Deputación de Ourense e a Confederación Hidrográfica Miño-Sil (CHMS) impulsan o proxecto internacional "A raia termal", ligado ao termalismo e a protección dos espazos fluviais de Miño e Limia, para o cal se estima un investimento de 2,5 millóns de euros.

O proxecto abrangue os concellos ourensáns e portugueses polos que pasan os ríos Miño e Limia, e segundo informou o presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, trala sinatura do protocolo de colaboración "esta iniciativa transfronteiriza, que une termalismo e medio ambiente, pretende protexer o patrimonio natural vinculado aos recursos termais de Ourense e dos territorios portugueses fronteirizos coa nosa provincia". Á sinatura do protocolo asistiu o delegado de Goberno en Galicia, Santiago Villanueva, e foi rubricado polo presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar; o presidente de CHMS, Francisco Marín, e

polos alcaldes de Bande, Cortegada, Lobios e Muíños, José Antonio Armada, Avelino de Francisco, M^a del Carmen Yáñez e Plácido Álvarez, respectivamente, ademais de polos representantes das cámaras municipais portuguesas de Melgaço e Terras do Bouro, María José Nóvoas de Pinho Codesso (vicepresidenta), e Joaquín José Cracel (presidente).

Vilas termais

Esta iniciativa medioambiental nos ríos Miño e Limia, que a Deputación de Ourense e a CHMS presentarán como candidatura para proxecto europeo "é un paso máis en favor das vilas termais da provincia de Ourense e do Norte de Portugal -afirmou Manuel Baltar-, onde temos

que aproveitar o noso mar interior, que está debaixo da terra e que fai que a nosa provincia sexa o territorio de Europa onde hai máis surxencias termais e onde temos a auga máis quente (77 graos), que mana precisamente en Riocaldo". No marco desta iniciativa preténdese desenvolver actuacións como a protección e conservación de espazos naturais fluviais fronteirizos do Miño e do Limia; a mellora da calidade das súas augas; a creación dunha rede que fomente a vertebración dos recursos termais transfronteirizos raianos de Ourense e do Norte de Portugal cara á súa valorización turística, e a promoción de itinerarios e produtos turísticos ba-

seados nos recursos termais e naturais do espazo transfronteirizo do Miño e do Limia. A finais de febreiro foi aprobado o novo Programa de Cooperación Transfronteiriza entre España e Portugal -INTERREG V A- que prevé apoiar proxectos transfronteirizos durante o período

2015-2020 por un importe total de 382 millóns de euros. Espérase que a apertura do prazo de presentación de proxectos se inicie a principios do segundo semestre deste ano 2015, período no que será enviada á candidatura do proxecto "A raia termal".



■ A sinatura do protocolo realizouse no balneario de Riocaldo, no concello ourensán de Lobios, o día 30 de marzo.



VI SALÓN DO VIÑO E LICORES GALEGOS DE CALIDADE

25 E 26 DE MAIO DE 2015
OURENSE



Novas oportunidades
de negocio para as
adegas galegas
desde o propio territorio

Acción especial para
pequenos produtores
e colleiteiros.
Consulte condicións

www.vinisterrae.es / info@vinisterrae.es

Países confirmados:

Alemaña, Australia, Bélxica, Brasil, Canadá, Dinamarca, España, Estados Unidos, Holanda, Irlanda, México, Polonia, Reino Unido e Suecia.


ORGANIZA



CO-APÓLO DE



PROXECTO COFINANCIADO



COLABORAN



Riós - Chantada

O INORDE rematou as xornadas de poda e enxerta de castiñeiro coa asistencia de 200 participantes

Rematou a quinta e última das convocatorias para as xornadas formativas que tiveron como tema principal a poda e enxerta desta árbore senlleira. Estas xornadas terán continuidade en vindeiras campañas sustentadas pola gran aceptación que xeraron.

Por: Jesús Losada

Máis de dúascentas persoas, de practicamente todas as comarcas da provincia de Ourense, participaron activamente nestas actividades formativas organizadas polo Instituto Ourense de Desenvolvemento Económico (INORDE) e realizadas tomando como base o Centro de Desenvolvemento Agroforestal ue o INORDE téñen no Concello ourensán de Riós. Ás tres xornadas previstas inicialmente fíxose preciso engadir dúas máis dado o gran número de interesados en recibir a formación que se ofertaba. Se ben, o castiñeiro como tema central, xa era motivo suficiente como para lograr aglutinar a máis de 200 persoas, o esquema formativo presentado polo INORDE serviu para facer aínda se cabe máis atractiva a asistencia ás xornadas, xa que conxuntamente co aspecto teórico, impartido nas instalacións do Centro de Desenvolvemento Agroforestal por técnicos de prestixio no mundo do castiñeiro a nivel nacional, se realizou unha formación práctica na que directamente no souto se realizaron labores de poda e enxerta sobre exemplares de castiñeiro.

Cuestións tales como coidados do souto encamiñados a conseguir unha produción da máxima calidade, a poda, a profilaxe ante a

nas labores do souto, forón temas recurrentes de debate en todas e cada unha das xornadas nas que se realizou a experiencia. Aínda

as xornadas coa previsión de repetir a experiencia en vindeiros anos e así poder satisfacer toda a demanda formativa que neste

Como produtor dun froito característico, base dunha manifestación cultural única, o magosto, pero tamén como produtor de madeira de calidade, como base para a elaboración de produtos naturais diferenciados como o mel, tamén como base para a recuperación silvopastoril do monte, como adáil na loita contra os incendios forestais. Iso é o castaño, iso e máis xa que alonxándonos do simple beneficio económico, o castaño foi, é e será un dos piares máis sólidos de todo a cosmogonía do mundo máxico galego. Os soutos de castiñeiros debuxan unha paisaxe única no que a tradición se une ao mito e a historia transcorre de vagar entre unha impresionante floración en primavera e a pausada caída dos ourizos en outono, presaxiando así un inverno de longas noites xunto ao lume aderezado co aroma estoxadizo das castañas asadas. Conta a historia que o castaño serviu de sustento en épocas difíciles e conta a realidade que o castaño, hoxe en día, é unha importante achega económica á renda anual de moitas familias da zona sur da provincia de Ourense.



■ Clases prácticas de poda no Centro de Desenvolvemento Agroforestal de Riós.

problemática do cancro e da tinta, o abonado e o mantemento do solo, os tipos de enxerto, o enxerto máis axeitado segundo a idade da árbore e a época do ano, a adaptación dos diversos tipos de enxerto ós diversos patróns e variedades ou a influencia da lúa

que quedou un gran número de interesados en asistir a estas xornadas, o avanzado do estado vexetativo do castiñeiro (favorecido polas boas temperaturas do inicio da primavera) que impediría realizar parte dos tipos de enxerta, levou ó INORDE a rematar

eido hai na provincia de Ourense. A castaña, achega económica para familias. Se unha árbore representa, no acerbo colectivo dos galegos, a tipificación de representativo de todo un pobo e toda unha cultura, ese sen dúbida é o castaño.

Por: Jesús Losada

Feira do Viño e das Cereixas en Belesar

Belesar celebra, os días 16 e 17 de maio, a X Feira do Viño e das Cereixas coa participación de catro adegoiros e de dez produtores que levarán ao mercado dous mil quilos de cereixas. Coma tódolos anos haberá certame de aturuxos. Ramón Porto, presentará ao público asistente ao pregoeiro que elixa a organización. Euse-

bio Fontao, secretario da asociación de Rabudos (os de Chantada) e Papeiros (os do Saviñao), lle entregará un agasallo. Haberá actuacións musicais polo día e verbena pola noite. A carón do río Miño instalaráanse as mesas dos comensais e os postos de venda de polbo e empanadas. Pola súa banda, en Sobrado, Lín-cora, (Chantada) celebraráse

en xuño a XII Feira da Cereixa Ecolóxica cunha cata comentada de viños da Ribeira Sacra, concentración de vehículos históricos, xantar popular e actuación dunha orquestra. Organiza o Colectivo Cereixeiro de Galicia coa colaboración de Asociación gastronómica e cultural luso-galaica e o patrocinio da adega local Terras Bendaña.



Turismo

Aumentaron as visitas á Ribeira Sacra en Semana Santa

Preto de 12.000 persoas visitaron a Ribeira Sacra (8000 fixeron uso dos catamaráns polos ríos Miño e Sil) entre o 27 de marzo e o 5 de abril, segundo datos aportados polo Consorcio de Turismo Ribeira Sacra.



■ Turistas de Ourense que percorreron en autocar a Ruta do Viñobús pola Ribeira Sacra.

En canto a ocupación en establecementos de aloxamento, entre os días 2 e 5 de abril se rexistraron estes datos: turismo rural: 94%, se nos referimos á totalidade do territorio, e acadándose o 100% nos establecementos máis próximos ao Canón do Sil e nos das ribeiras do Miño entre A Peroxa (Ourense) e Taboada (Lugo) especialmente. Planta hoteleira 4 estrelas: 100%. Resto de establecementos: 76%. Nos días previos aos festivos os datos situábanse nas seguintes porcentaxes: turismo rural: 55%. Planta hoteleira 4 estrelas: 63%. Resto de establecementos: 52%. Outro dato significativo que axuda a cuantificar o número de persoas que poden visitar Ribeira Sacra nunha data concreta son as cifras de pasaxeiros nos diferentes catamaráns. O ano pasado foron 4.145 pasaxeiros nos datos finais sen contar coas pasaxes dos embarcadores da Deputación de Lugo (Doad e Belesar) que non tiñan emitido a cifra final. En canto aos puntos de información turística sobre a Ribeira Sacra, foron 4.500 as persoas que se interesaron por recibir datos sobre o territorio. Unha aproximación ao cómputo das pasaxes habilitadas desde o

27 de marzo ao 5 de abril de 2015, sitúan o número de pasaxeiros arredor dos 8000 nos embarcadores das rutas fluviais do Miño e do Sil en: Doade (Sober), Santo Estevo (Nogueira de Ramuín), Chancís (Sober), Paradelas (Castro Caldelas) e Belesar (Escarón). Con todo, houbo un número importante de persoas que quedaron sen praza nas rutas fluviais. A este respecto, Alexandra Seara, xerente do Consorcio de Turismo Ribeira Sacra indica que “hai que valorar dende cales embarcadores se podía reforzar o servizo e non se fixo prevendo unha demanda elevada e, por outra banda, establecer técnica-mente a capacidade de carga, de xeito especial, nos percorridos fluviais do Canón do Sil”. “Non sería unha proposta sosteñible medioambientalmente encher os Canóns de barcos, pero cos servizos actuais sí se poden reforzar as saídas ata un límite recomendable”, sostén a xerente.

Concerto en Montederramo

No tocante ás actividades postas en marcha dende o Consorcio de Turismo foron éstas: rutas de Viñobús: 100% de ocupación con dobre de dúas das

rutas do sábado. Rutas do Románico: 30 persoas en cada ruta, total: 60. O Sábado Santo tamén tivo lugar o primeiro dos concertos do Ciclo de Primavera 2015 co grupo instrumental Siglo XX. Un cuarteto de corda que deu vida durante uns intres e dun xeito brillante ao mosteiro de Santa María de Montederramo (Ourense). O aforo estivo ao 85% (85 prazas ocupadas das 100 habilitadas). No que se refire á feira Medieval de Monforte de Lemos (Lugo), Feira do Viño de Quiroga (Lugo) e Festa do Augardente de Portomarín (Lugo), todo apunta a que superaron cifras de anos anteriores ata ser das edicións máis concurridas nos seus respectivos percorridos. En termos xerais, uns magníficos resultados nos que as boas condicións climatolóxicas e a difusión da marca Ribeira Sacra nos últimos meses por mor da posible candidatura a Patrimonio da Humanidade, tiveron unha influencia destacada. “O tempo sempre afecta menos cando falamos de destinos de interior, é dicir, son menos susceptibles de cancelacións, pero sí que revitaliza e fai aumentar as cifras se a climatoloxía é favorable”, segundo Alexandra Seara.

Montederramo

A Xunta promove o desenvolvemento de usos recreativos do Bidueiral



■ O Bidueiral de Montederramo ten unha superficie de preto de 2000 hectáreas.

O Bidueiral de Montederramo, emprazado na serra de San Mamede destada polo seu bo estado de conservación e por ser unhas fragas de características setentrionais situadas máis ao sur. É o maior bidueiral de Galicia, situado a máis de 1.300 metros de altitude.

Os camiños do roteiro de circunvalación deste ZEC (zona de especial conservación), pertencente á Rede Natura 2000, con inicio e chegada ao lugar Campo do Casar. Recentemente nestes camiños executáronse accións de mellora da paisaxe e de sinalización para o fomento de uso recreativo deste roteiro, ao abeiro das axudas a actividades, actuacións ou medidas de concellos incluídos na Rede Natura 2000, concedidas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas. O delegado da Xunta en Ourense, Rogelio Martínez, que visitou o Bidueiral en compañía do alcalde de Montederramo, Antonio Rodríguez, subliñou o apoio da Xunta a toda actuación dirixida á conservación do patrimonio paisaxístico. No caso concreto do Bidueiral de Montederramo, Martínez destacou que as actuacións desenvolvidas neste lugar -grazas á liña de axudas establecida pola Dirección Xeral de Conservación da Natureza- teñen por obxecto, ademais, “facilitar o acceso ás explotacións agrarias, a realización das actividades forestais das comunidades de montes e a dinamización turística

deste concello ourensán”. Este ano grazas a esta liña de actuación, un total de 29 concellos da provincia de Ourense son adxudicatarios destas axudas que, ademais da mellora dos camiños do Bidueiral de Montederramo, permitirán actuacións como a recuperación do abrevadeiro e valo en Paradelas de Abaixo, no concello de Manzaneda, e o acondicionamento e mellora de uso público dunha ruta no Cañón do Sil-Santa Cristina, en Parada de Sil. O obxectivo destas subvencións é colaborar cos concellos na execución de accións que permitirán a mellora da paisaxe, o mantemento das condicións ambientais ou a recuperación de especies históricamente relacionadas coa actividade agraria en zonas da Rede Natura 2000. Tamén é finalidade deste programa de axudas, cofinanciado con fondos FEADER, a conservación e restauración de elementos históricos patrimoniais ou culturais representativos da paisaxe agraria tradicional coa finalidade de incrementar nas explotacións agrícolas, o valor de recreo público das zonas Natura 2000.

Guía gastronómica

“Pepe callos”, un veterano no Casco Vello de Ourense

Xosé Antonio Pérez Rodríguez, “Pepe callos”, cumpre en 2015, os 27 anos ao fronte do establecemento de hostalería Fuentefría, no Casco Vello de Ourense. A sociedade gastronómica “Cen Graos” homenaxeouno ao cumprir un cuarto de século. Quedou constancia nun pergamino que reza: “a un dos cociñeiros máis emblemáticos, amigo da boa mesa, compañeiro inseparable en calqueira festa”. O local abriuno o seu tío Ramón Pérez en 1962. “Pepe callos” aprendeu tan ben o oficio que agora acaba de abrir a “Despensa do

Fuentefría” co que amplía a oferta gastronómica. En Fuentefría, ademais dos afamados callos, empanada de zamburiñas, os afumados artesáns (atún, anchoa e salmón), o local ofrece xamón asado e serrano, solomillo, lomo con piquillo, variedades de queixos (país, ovella, azul) e mus de pato. O local está decorado con diplomas enmarcados que fan referencia aos múltiples premios concedidos polos xurados populares en concursos como Sabores de Ourense, Sabores de Outono e Xornadas Gastronómicas. “A Despensa” está decorada con fotos de vi-

ñedos e acios da Ribeira Sacra, terra de Pérez Rodríguez (Nogueira de Ramuín). No menú: afumados (de troita, bacallau e peixe espada). Mini burger de boi; bacallau en pisto; sepia con alioli; gamba fresca; cachelos bravos. Croquetas de bacallau e ensaladas de tomate e migas de bacallau.



■ Xosé Antonio Pérez Rodríguez, conocido por “Pepe callos”.



Ourense

Enourense abrirá novos mercados ás adegas das denominacións de orixe ubicadas na provincia

A Deputación de Ourense e os catro consellos reguladores colaborarán nos ámbitos da promoción, innovación e comercialización vitivinícola. Manuel Baltar presentoulles aos presidentes de Ribeiro, Monterrei, Valdeorras e Ribeira Sacra o proxecto “Enourense”.

O presidente da Deputación de Ourense, Manuel Baltar, reuniuse en Celanova cos presidentes dos consellos reguladores das denominacións de orixe vitivinícolas da provincia de Ourense: Miguel Ángel Viso, do Ribeiro; Antonio Ángel Méndez, de Monterrei; Vicente Solarat, de Valdeorras, e José Manuel Rodríguez González, de Ribeira Sacra, a quen propuxo establecer canles de colaboración en materia de promoción, innovación e comercialización “para este sector básico da economía da provincia de Ourense”, explicou Baltar. Presentoulles o convenio de mellora da competitividade e innovación das Pemes do sector vitivinícola da provincia de Ourense –asinado en Fitur co Ministerio de Industria–, cuxa acción principal é a creación do portal web de comercialización para as adegas das catro D.O. ourensáns, “Enourense”, cumpríndose así un novo compromiso dos anunciados por Manuel Baltar no debate sobre o estado da provincia. A posta en marcha deste portal “irá acompañada de iniciativas de apoio ás pemes e de estratexias de innovación, ademais de realizar unha diagnose do sector e poñer a disposición das empresas unha plataforma de comercio electrónico e accións



■ Os presidentes dos catro consellos reguladores de denominación de orixe, con Xosé Manuel Baltar.

de promoción e asesoramento para mellorar a competitividade do sector”. A realización deste proxecto é posible grazas ao acordo entre a Deputación de Ourense e o Ministerio de Industria, a través da Escola de Organización Industrial (EOI), e ten un orzamento de 100.000 euros “e servirá para que as adegas utilicen esta ferramenta para comercializar os produtos das catro denominacións de orixe de Ourense”, subliña Baltar. “Este é un paso máis, logo

de presentar o proxecto Pro-mercado, de produtos endóxenos da provincia de Ourense –explicou Manuel Baltar–, porque o agroalimentario é un sector estratéxico da nosa economía, boa proba diso é que somos a provincia de España con maior número de consellos reguladores do ámbito vitivinícola e a Deputación de Ourense ten que estar ao seu carón para que vexan nela un aliado nesa visión integral de provincia que defendemos”.

Catálogo de 80 Pemes

Logo deste primeiro encontro cos catro presidente das denominacións de orixe, Manuel Baltar afirma que se iniciará unha rolda de encontros que se estima sexan bimensuais, “para que un sector tan importante e dinamizador da nosa economía saiba que segue a contar nas estratexias da Deputación de Ourense, tanto no que atinxe á modernización tecnolóxica dos consellos reguladores como a actividades vencelladas á

promoción e comercialización coa colaboración do Inorde”. Para levar a cabo o proxecto “Enourense” realizarase previamente unha diagnose do sector, analizando as fortalezas, debilidades, ameazas e oportunidades das empresas, así como os municipios que van formar parte do programa. Isto irá acompañado de actuacións de sensibilización e captación de Pemes. Seguidamente realizaranse accións de difusión do proxecto e porase en marcha a plataforma de comercio electrónico “Enourense” para favorecer a competitividade e a promoción das catro denominacións e das Pemes ourensás do sector do viño, unha ferramenta tecnolóxica que lles permitirá comercializar seus produtos e servizos na Internet. A última fase do proxecto será a de asesoramento ás empresas. Estímase que serán unhas 80 Pemes, coas que se elaborará un catálogo dos seus produtos e servizos para comercializalos a través de Internet. A Deputación de Ourense participa no proxecto por medio do Inorde, que levará a cabo o traballo de captación das empresas beneficiarias, e colaborará coa Fundación Escola de Organización Industrial (EOI) na promoción e difusión do programa. A EOI deseñará e dirixirá as actividades e seleccionará aos participantes e destinatarios das accións, as cales se desenvolverán ao longo do ano 2015.



Novas da Raia

Encontro com o escritor Domingos Amaral

Em 1998, estreou-se como escritor com a obra “Amor à Primeira Vista”, tendo, a partir dessa data, lançado várias publicações. A última, “Um Casamento de Sonho”, de 2014, é apresentada no dia 17 do corrente, sexta-feira, pelas 21h30, na Biblioteca Municipal de Monção.

Domingos Amaral desloca-se a Monção, para um encontro com os leitores monçanenses no auditório da Biblioteca Municipal. Nesta conversa, o escritor aborda a sua carreira literária com particular destaque para a sua última obra “Um Casamento de Sonho”, lançada em 2014. Com formação em economia pela Universidade Católica Portuguesa e Mestrado em relações internacionais pela Universidade de Columbia, Nova Iorque, EUA, Domingos Ama-

ral seguiu a carreira de jornalista, trabalhando em jornais e revistas de referência nacional.

Trabalhou no extinto “O Independente” colaborando com várias outras publicações como o Diário de Notícias, Grande Reportagem, City, Ietc.

Tem o blog “O Diário de Domingos Amaral”, onde escreve todos os dias. É também professor na Universidade Católica Portuguesa, curso de economia e gestão.

Em 1998, estreou-se como escritor com a obra “Amor à Primeira Vista”, tendo, lançado várias publicações: “Enquanto Salazar Dormia”, de 2006, “Já Ninguém Morre de Amor”, de 2008, “Quando Lisboa Tremeu”, de 2010, e “O Retrato da Mãe de Hitler”, de 2013.

Nascido em 12 de outubro de 1967, em Lisboa, Domingos Amaral é filho do político Diogo Freitas do Amaral. A sua mãe, Maria Roma, de seu nome Maria José Salgado Sarmiento de Matos, também é escritora.



As actividades do programa “móllate!” enchen a piscina de xogos, deporte e solidariedade

A iniciativa “Móllate!”, organizada polo Concello da Guarda, encheu a piscina municipal do municipio de xogos, concursos, deporte e solidariedade, durante a Semana Santa.

A actividade, que se desenvolveu durante os días 30 e 31 de marzo, e o 1 de abril, reuniu a máis de trinta rapaces e rapazas de entre seis a doce anos, e uns setenta adultos, para gozar de numerosas actividades acuáticas.

Mentres os nenos practicaron diferentes xogos, fixeron concursos de saltos e competiron en partidos de waterpolo, os

adultos fixeron exercicio practicando “Aquazumba solidaria”. Os setenta participantes nesta actividade, ademais de facer deporte, aportaron paquetes de produtos que foron destinados para o banco de alimentos municipal.

Con esta iniciativa, ademais de promover o deporte entre os nenos, nenos e adultos da vila, o Concello, tamén quixo impulsar a solidariedade entre veciños.



Comezan “as barrioferecias” para poñer en valor o patrimonio da Guarda

A primeira cita FOI o venres 17 de abril na Asociación “O Percamino” na Gándara

O Concello da Guarda organiza unha vez máis un ciclo de charlas que intentarán por de manifesto o patri-

monio desta vila que se celebrarán os venres e os sábados. Nesta ocasión, a actividade, que leva o nome de “Barrioferecias”, ten o obxectivo dar a coñecer ós veciños da Guarda diferentes puntos da localidade máis descoñecidos.

Os convidados, Victoriano Rodríguez, Praxíteles González e José Álvarez Alonso “Buraco”, explicarán e falarán sobre “Os Telleiros de Salcidos”. O sábado 25 de abril, o nove de maio e por último o venres 29 deste mesmo mes, sendo todas no mesmo horario que a primeira.

Nestas barrioferecias os temas a tratar serán “O Convento das beneditinas”, na que participará Joaquín Miguel Villa Álvarez, “O Coto de Camposancos”, na que estarán presentes tanto Antonio Rodríguez Portela coma Manuel Ángel Álvarez Pérez, e “O Contrabando no Esteiro do Miño”, da man de Praxíteles González.

Esta actividade da continuidade ás charlas divulgativas denominadas “Barrioferecias” que se levaron a cabo no 2012 e 2013 para conmemorar o Centenario da Sociedade Promonte e as

ofrecidas no ano posterior nas que se poñía en valor o Castelo de Santa Cruz, coincidindo coas datas da súa reapertura.



Novas da Raia

5º FITAVALÉ “Vila das Artes”

As Comédias do Minho apresentam, no fim-de-semana de 8 a 10 de maio, o FITAVALÉ - 5º Festival Itinerante de Teatro Amador do Vale do Minho. Vila Nova de Cerveira foi o concelho escolhido para os espetáculos de abertura e encerramento do 1º fim-de-semana, num evento que promove o intercâmbio teatral entre grupos amadores da Península Ibérica. Entrada livre.

A quinta edição do FITAVALÉ, alargada a dois fins-de-semana, conta com apresentações de grupos espanhóis, integrando a PLATTA – Plataforma Transfronteiriça de Teatro Amador, e com os cinco grupos de teatro amador do Vale do Minho: Outra Cena, Os Simples, Associação Filarmónica Milagrense, +TAC, VerdeVejo.

No fim-de-semana Vale do Minho, de 8 a 10 de maio, o Grupo de Teatro Amador Outra Cena e o Coral Polifónico de Vila Nova de Cerveira apresentam, no dia 10, no Cineteatro, ‘Primarcka’, a partir das lendas Fonte da Porca, Lenda do Cervo Rei, Lenda da Cova da Moura e Lenda da Mina de Ouro. Segundo a sinopse da peça: “Decidimos fantasiar por aí, talvez

seja carnaval, talvez não, e como se de uma lenda maior se tratasse encontrámos figuras míticas em lugares estranhos. Viajámos numa arca mágica e encontrámos Cerveira a partir de uma perspetiva fantasista e fantástica. Cornes, Atalaia, Praia da Lenta, Vila de Cerveira, nunca mais serão vistas da mesma maneira”.



Secretário da Estado da Alimentação Inaugura “Sabores da Aldeia” em Valença

O Secretário de Estado da Alimentação e da Investigação Agroalimentar, Nuno Vieira e Brito inaugura o IVº Festival Gastronómico “Sabores da Aldeia”, de Valença, sexta-feira, 17 de abril, às 19h00, na Fortaleza



Autarquia mantém subsídios atribuídos às associações em 2015

A Câmara Municipal de Vila Nova de Cerveira acaba de aprovar a concessão dos apoios financeiros para o funcionamento anual normal das diversas associações do Concelho. Executivo mantém montante global atribuído em 2014, na ordem dos 200 mil euros.

Cumprindo a regulamentação para a comparticipação financeira a associações e clubes desportivos, associações culturais e recreativas e IPSS's, a Comissão de Apreciação de Pedidos de Apoio

concluiu, em verbas do vice-presidente, Vitor Costa, “Vila Nova de Cerveira tem um importante património imaterial de natureza social, cultural e desportiva que é preciso continuar a preservar e valorizar”.

O executivo cerveirense considera que todas as associações desenvolvem ações que estreitam laços fraternais com a comunidade, contribuindo de forma inestimável para a melhoria do bem-estar e qualidade de vida dos munícipes.

Nuno Vieira e Brito, visita Valença no âmbito da promoção da cidade como destino de Turismo Gastronómico de Excelência e reafirma os grandes valores e potencialidades deste sector no contexto da região Norte de Portugal e de Espanha.

Sabores da Aldeia insere-se no calendário anual dos grandes eventos gastronómicos onde estão, também, os Sabores da Lampreia, os Sabores Serranos que decorrerão em 13 a 14 de junho e os Encontros Galaico-Minhotos, com o cabrito à Sanfins em Julho.

O certame gastronómico “Sabores da Aldeia” faz um convite a saborear os petiscos, os pratos tradicionais, as sobremesas e os vinhos, no fim de semana de 17 a 19 de abril, num roteiro singular e genuíno pela gastronomia mais tradicional de Valença. Três dias em que o ambiente será

o ideal para almoçar, jantar e petiscar deliciando-se com os sabores tradicionais e ainda divertir-se com o variadíssimo programa de animação popular. O Grupo 6tás9, Zézé Fernandes, as arruadas de bombos e um festival folclórico, com os agrupamentos valencianos, darão as notas da animação musical do certame recheado de tradição.

Anexo ao recinto dos “Sabores da Aldeia” a Feira de Artesanato e Produtos Locais, no Jardim das Amoreiras, proporcionará a oportunidade de adquirir produtos tradicionais de Valença.

Na sexta-feira, 17 de abril “Sabores da Aldeia” abre às 19h00 e encerra à 1h00, sábado abre às 12h00 e encerra à 1h00 e domingo abre às 12h e encerra às 19h00.

A iniciativa é da Câmara Municipal de Valença em colaboração com as juntas de freguesia e associações do concelho.

A Guarda

O ferry que une A Guarda coa vila portuguesa de Caminha retoma as súas viaxes



O ferry que une o Concello da Guarda coa vila portuguesa de Caminha retomou as súas viaxes a partir desta Semana Santa.

Despois de varios meses sen funcionar por mor dos traballos de dragado no río, as travesías que unen estas dúas vilas, xa volven a ser diarias.

A primeira viaxe do ferry, desta nova etapa, foi o pasado venres día 3 de abril, e sucedéronse a cotío durante todo ese fin de semana festivo. Durante eses días

o volume de xente que decidiu utilizar este medio de transporte foi moi alto e todos os viaxantes mostráronse moi contentos ó poder contar, de novo, con esta unión fluvial coa vila portuguesa.

Pasada os días festivos houbo outro pequena parada no funcionamento das travesías para continuar coas tarefas de dragado, pero xa na actualidade o ferry segue facendo as súas travesías diarias. Aínda así, se continúa

traballando no río polo que as viaxes estarán condicionadas en función de estas labores.

Como xa era o habitual, as partidas das viaxes serán ás horas en punto dende a vila de Caminha e as horas e media dende o peirao do Pasaxe. A viaxe ten unha duración aproximada duns 15 minutos.

Durante todo o mes de abril as viaxes, tanto para as persoas como tamén para os automóbiles, serán totalmente gratuítas.



“A Guarda Doce” volverá a pechar as actividades de maio

O evento “A Guarda Doce” convértese de novo en 2015 na cita que pechará as actividades culturais e festivas do mes de maio no Concello da Guarda.

Como no 2014, na súa primeira edición, esta actividade volve a ser un espazo conxunto no que, tanto os municipios do Baixo Miño, coma as vilas lusas máis próximas, mostran os doces e sobremesas das confeiteirías e panaderías. Ademais da promoción dos produtos, a ampla programación deste evento, fai que na Alameda da Guarda se congreuen tanto veciños coma visitantes para, ademais de probar os doces, desfrutar de unhas xornadas festivas.

Ó igual que o anterior anterior, o evento celebrarase na Ala-

meda os días 30 e 31 de maio. De novo, están convidados a colocar os seus postos tanto os establecementos da Guarda, coma outros panadeiros e pasteiros

do Baixo Miño ou do distrito de Viana en Portugal, para, así, darlle unha dimensión internacional a este evento. Na primeira edición participaron dez

pastelerías, confeiteirías e panaderías diferentes, nesta ocasión poderá ascender a quince. Ademais tamén haberá outros postos nos que se mostren produtos artesanais.

Durante a feira, os veciños e visitantes poderán coñecer as elaboracións máis tradicionais de cada un dos locais e tamén as novas creacións nun entorno de festividade con actividades para nenos e para maiores.

No programa do ano pasado “A Guarda Doce” contou coa actuación de diferentes grupos Folclóricos, entre os que se presentaron tanto conxuntos lusos como galegos, unha mostra de pintura, unha ruta en bicicleta, xogos inchables ou concertos musicais. Todas estas actividades estaban conxugadas

ademais, con concursos relativos á confeitaría, como foi unha competición infantil de galletas e outra de rosca de xema para afeccionados. Nesta nova edición, a programación volverá a ser ampla e moi variada, ademais de haber diferentes actuacións musicais e mostras, haberá algunha que outra sorpresa. Debido o gran volume de participación nos concursos, esta edición volverán a realizarse, cambiando a especialidade de rosca polas rosquillas.

O prazo de inscrición para todos aqueles establecementos interesados en participar en “A Guarda Doce” abrirase nos próximos días. En total haberá espazo para quince establecementos e como máximo para dez postos de produtos artesanais.



Vila Nova de Cerveira

Arquivo Municipal expõe antiguidade e atualidade da Misericórdia de Cerveira

“Misericórdia de Cerveira: Religião, Caridade e Hospital”, este é o nome da exposição que o Arquivo Municipal, com o apoio da Santa Casa da Misericórdia de Vila Nova de Cerveira, inaugura amanhã, quinta-feira, 02 de abril, às 18h30. Integrada nas comemorações da Semana Santa, esta mostra visa divulgar a história da Santa Casa e a sua ligação secular a esta efeméride. Exposição estará patente até final do mês de setembro e com portas abertas na sexta-feira Santa e sábado de Aleluia.

Dada a importância dos arquivos das Misericórdias, não apenas para a história nacional enquanto entidade promotora de assistência social, religiosa e económica, mas também para a história local, o objetivo desta exposição é continuar a defender, preservar e desenvolver o interesse destes conjuntos documentais na consciência da comunidade.

Nesta perspetiva, e através da apresentação de um vasto espólio documental à guarda do Arquivo Municipal de Vila Nova de Cerveira e de alguns elementos patrimoniais cedidos pela Santa Casa para esta mostra, será possível conhecer e contactar com a história e o trabalho desenvolvido por esta instituição secular. Nos vários expositores espalhados pelo hall de entrada e corredor do Arquivo Municipal estão disponíveis quadros e painéis com fotografias de beneméritos; o registo fotográfico da evolução da construção do Hospital, desde o lançamento da 1ª pedra em 8

de dezembro de 1926 a 1940; dois missais romanos, um de 1703 e outro de 1924; diversas publicações, nomeadamente um livro com a entrada dos irmãos da Irmandade da Santa Casa (1856 a 1877) e os estatutos da Santa e Real Casa da Misericórdia

de 1897; um livro que serviu para o registo das contas da receita que os tesoureiros recebiam (1787

a 1852); o livro Mestre nº 1 (1779 a 1846) onde se registavam as escrituras a juro que a Santa Casa tinha; um livro de assentos de óbitos das pessoas falecidas no Hospital (1911 a 1941) e um livro de registo de nascimentos realizados no Hospital de Vila Nova de Cerveira (1936 a 1942), entre outro material enriquecedor

para a preservação da história da Santa Casa.

Com muita antiguidade, vários autores apontam a data da fundação da Santa Casa da Misericórdia de Vila Nova de Cerveira para os finais do século XVI. Sabe-se que foi governada pelo compromisso da Misericórdia de Lisboa, datado ao ano de 1618, quase até ao final do século XIX (1897), altura em que se fizeram novos estatutos. A Misericórdia de Cerveira foi criada no interior do Castelo e numa casa contígua à Câmara Municipal, onde ainda hoje se mantém a Igreja da Misericórdia e, à semelhança de muitas outras localidades, esta confraria também anexou o hospital medieval existente.

A exposição “Misericórdia de Cerveira: Religião, Caridade e Hospital” estará patente até final do mês de setembro durante o horário de funcionamento do Arquivo Municipal, encontrando-se de com portas abertas na sexta-feira Santa e sábado de Aleluia.



Ramón Villares “honoris causa” pola Universidade portuguesa de Minho

Pola súa proxección internacional nos dominios da ciencia, da educación e da cultura o que fora rector da Universidade de Santiago de Compostela e actualmente Presidente do Consello da Cultura Galega, Ramón Villares Paz, foi distinguido co grado de “doutor honoris causa” pola Universidade portuguesa do Minho.

Esta distinción foille outorgada polo Senado da devandita institución a proposta do seu Instituto de Ciencias Sociais. Ramón Villares Paz é catedrático de Historia contemporánea da Universidade de Santiago de Compostela dende o ano 1987; experto en historia agraria e historia xeral de Galicia; ten no seu haber máis de setenta publi-

cacións. Tamén foi decano da Facultade de Xeografía e Historia e membro fundador e presidente da Asociación Española de Historia Contemporánea, así como director en Galicia da Universidade Internacional Menéndez Pelayo; petence aos padroados do Museo do Pobo Galego, da fundación Luís Seoane e da fundación Otero Pedrayo.



Novas da Raia

Uniminho promove caminhadas transfronteiriças entre março e junho

Depois do sucesso de Melgaço-Arbo-As Neves, em novembro passado, a Uniminho – Associação de Municípios do Vale do Minho Transfronteiriço, agendou mais quatro percursos pedestres entre os municípios de fronteira da raia minhota, integrados no projeto ECOTUR: Monção-Salvaterra, Cerveira-Tomiño, Caminha-A Guarda-O Rosal, e Paredes de Coura-Valença-Tui. Inscrições disponíveis no portal em www.uniminho.eu. Limitados a 60 pessoas, estes

trilhos transfronteiriços suscitam um enorme interesse por parte de participantes oriundos de toda a região Norte e da vizinha Galiza, imbuídos por um espírito de descoberta de um território comum, rico em natureza, história, património e gastronomia. Para além dos benefícios ao nível do exercício físico e de bem-estar associados, estes percursos pedestres têm a particularidade de proporcionar uma experiência gastronómica através da degustação de produtos típicos de cada localidade.

O 29 de março dinamizou-se a caminhada Monção-Salvaterra do Minho, seguindo Cerveira-Tomiño, no dia 18 de abril, Caminha-A Guarda-O Rosal, no dia 30 de maio, e Paredes de Coura-Valença-Tui, nos dias 27 e 28 de junho. O objetivo é promover e divulgar os recursos, valores e funções ambientais que estes territórios, que comungam a margem do rio Minho, têm para oferecer, contribuindo para o reforço do seu caráter e potencial ecoturístico do património Rede NATURA 2000 da região.



A última andaina percorreu a Vila de Camiña

O Concello da Guarda, devido o incremento da demanda para participar na Andaina, teve que ampliar o número de prazas disponíveis.

Esta terceira andaina do ano que partiu da explanada da Sangriña, acadou r un total de 19 quilómetros.



Secretário de estado da juventude e desporto visitou sede da “Ardina” (Monção)

Dando seguimento ao roteiro sobre associativismo juvenil, que percorre todo o território nacional, o Secretário de Estado da Juventude e Desporto, Emídio Guerreiro, deslocou-se hoje ao distrito de Viana do Castelo, tendo, neste périplo, visitado as instalações da coletividade monçanense Ardina – Associação Cultural de Jovens de Cambeses.

O governante esteve acompanhado pelo presidente da Câmara Municipal de Monção, Augusto de Oliveira Domingues, e pelo responsável da pasta cultural no município, Paulo Esteves. Na sede da associação visualizou um vídeo com as atividades promovidas pela associação monçanense e visitou o moinho negreiro, convertido ao turismo rural e de aventura.

As honras da casa foram feitas pelo presidente do “Ardina”, Manuel José Oliveira, o qual agradeceu a visita. O governante mostrou-se receptivo às preocupações e objetivos da associação, tendo manifestado, em declarações aos jornalistas, que “o Ardina é um bom exemplo de associativismo juvenil”. O autarca monçanense, Augusto

de Oliveira Domingues, realçou o extraordinário trabalho da “Ardina” e sublinhou a capacidade associativa e empreendedora dos jovens monçanenses. Agradecendo a inclusão de Monção neste périplo pelo Alto Minho, pediu ao governante que não esqueça e apoie os projetos da juventude. “Ao apoiar os jovens está a apoiar o futuro do país” sintetizou.



Gala do deporte en Goián (Tomiño)

Dende o concello de Tomiño somos conscientes do valor do deporte para incrementar a calidade de vida da nosa cidadanía, a súa saúde e a participación veciñal nas diferentes asociacións deportivas e clubs, así como coas persoas doutros municipios. Nesta GALA DO DEPORTE que se celebrou o pasado domingo 12 de abril no auditorio de Goián, foron entregados diferentes premios e galardóns, en distintas disciplinas. Algunhas das persoas premiadas: Campeóns/Campeona Galegos de Slalom: Laura Alonso en K1 muller sénior, Manuel Ochoa en K1 home cadete, Brais Castro en C1 home cadete. Campeón e campañas galegas de promoción de Slalom: Ainhoa Barreiro en K1 muller benxamín, Ariadna Pereira en K1 muller alevín, Sergio Martínez en K1 home benxamín e con múltiples títulos. Campeóns e campeona de piraguismo Rubén Millán Rodríguez (campeón do mundo SUB-23 K4 1000 metros entre outros múltiples logros), Roi Rodríguez Huertas (campeón de Europa SUB-23 K1

1000 metros entre outros múltiples logros), David Costa Bouzada, Daniel Costa Bouzada, David González Mella, Marta Alén Jorge,

cuña González, Campeona Galega Infantil entre outros méritos. Adrián Romero González, Subcampeón Galego Cadete. Lanzamento de peso: Maite San-

actividades deportivas realizadas en Tomiño nos últimos once meses. Tanto deporte de competición coma actividades deportivas dirixidas ao conxunto da

mellor deportista absoluta feminina e masculino.

As persoas finalistas foron escollidas polo xurado formado por:

- Justi Peixoto. Xornalista deportivo de Radio Tui.
- Paco Santos. Xornalista deportivo da Radio Galega.
- Roberto Miranda. Licenciado en INEF. Monitor dun espazo deportivo de Tomiño.
- Betti Solleiro. Licenciada en INEF. Monitor dun espazo deportivo de Tomiño.
- Jose Oliveira. Licenciado en INEF. Monitor dun espazo deportivo de Tomiño.
- Moncho Portela. Profesor de educación física no IES de Tomiño.
- Cristina Martínez. Concelleira de deportes do concello de Tomiño.

A alcaldesa e a concelleira de deportes do concello de Tomiño queren recoñecer e agradecer o traballo e esforzo continuado das persoas deportistas do noso municipio.



En natación (federada): Iria Rodríguez, múltiples logros. Ciclismo: Zaida González Martínez – gañadora da copa de Portugal de ciclocross entre outros logros.

Judokas: Brais Pereira Amorín: Campeón Copa de España, Subcampeón supercopa de España entre outros logros. Yohanna Da-

tos (campeona de España) e lanzamento de peso, xabalina e disco Fabio Martínez Otero.

Remo: Jaime Álvarez Pereira. Kick Boxing: Carlos López (campeón internacional, subcampeón España Kick boxing entre outros méritos).

A GALA DO DEPORTE abriuse cun vídeo que recolle as diferentes

poboación.

A presentación do acto estivo a cargo do presentador da TVG Terio Carrera.

Os diferentes premios que se otorgaron foron: iniciativa deportiva, patrocinador, mellor evento, fomento deporte base, superación deportiva, mellor promesa feminina e masculina,

SE QUERES PETAMOS A TÚA PORTA TODOS OS MESES PARA ENTREGARCHE ESTE NOVO XORNAL QUE CECAIS AINDA NON COÑECES

RECIBIRÁS COMO AGASALLO UN DOS LIBROS QUE ELIXAS*

Participarás cos 100 primeiros suscritores no SORTEO desta excelente TABLET



BOISCON-CENTER
(Ponteareas)



*ata final de existencias

Pola suscripción anual a "NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO" pagarás 25 € - Estranxeiro 35€
Pola suscripción de "NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO" + "A NOVA PENEIRA" pagarás 35 € - Estranxeiro 45€
Forma de pago: ingreso na conta EUR IBAN ES40 2080 5435 5730 0011 6877
Entidade **ABANCA** (Sucursal en Ponteareas)
Unha vez comprobado o pago e comunicámos que libro elixes, facilitándonos un teléfono móbil e un e-mail, procedemos ao envío do libro elixido así como informante do nº que che corresponde para o **Sorteo da TABLET**

BENVIDO AO NOVO CLUBE DO EIXO ATLÁNTICO!

Cerveira e Tomiño

Cerveira e Tomiño aderem à Rede de Cidades e Vilas de Excelência

Vila Nova de Cerveira e Tomiño vão avançar com a adesão simultânea à Rede de Cidades e Vilas de Excelência, tendo como objetivo a apresentação futura de projetos comuns. Iniciativa do Instituto de Cidades e Vilas com Mobilidade visa o desenvolvimento integrado e sustentável do território e das pessoas que nele habitam ou visitam. Hastear da Bandeira de Vila de Excelência está agendada para dia 10 de abril, pelas 11h00, em Cerveira.



Ser uma cidade ou vila de excelência é um compromisso prático de qualificação dos territórios e das suas dinâmicas socioculturais e económicas, de forma a estimular a regeneração dos tecidos urbanos ou periurbanos, do ambiente urbano, da empregabilidade local e do turismo. Ao integrarem esta Rede, Vila Nova de Cerveira e Tomiño posicionam-se como Concelhos preocupados com as questões sócio-urbanas, adequando uma política inclusiva ao seu território, tal como é preconizado pela estratégia Europa 2020.

O autarca cerveirense explica que esta adesão individual, mas com caráter transfronteiriço, é interessante para o reforço do conceito 'um destino, dois países', no sentido de alcançar apoios para a concretização futura de alguns projetos comuns já definidos no âmbito da Agenda Estratégica para a Cooperação Transfronteiriça Cerveira-Tomiño, designadamente nas dimensões turístico-ambiental do rio Minho; na mobilidade transfronteiriça e desenvolvimento territorial sustentável; na gestão partilhada de serviços e equipamentos públicos; e no desenvolvimento económico.

Não obstante, Fernando Nogueira ressalva que, no caso concreto do município cerveirense, há uma forte aposta na afirmação do concelho como destino "acessível e de excelência para viver, trabalhar ou visitar", através de uma regeneração urbana baseada na acessibilidade e na inclusão, com uma dinâmica turístico-comercial importante e desenvolvimento de espaços verdes na política ambiental. A adesão de Vila Nova de Cerveira à Rede de Cidades e Vilas de Excelência será formalmente oficializada no próximo dia 10 de abril, pelas 11h00, com o Hastear da Bandeira de Vila de Excelência, nos eixos 'Cidade ou Vila Ciclável e de Mobilidade Amigável' e 'Cidade ou Vila de Regeneração e Vitalidade Urbana'. Ser reconhecido como Cidade ou Vila de Excelência é ser reconhecido pelo mérito, pelo trabalho e pela proposta e estímulo a nela habitar, trabalhar ou visitar. Em cada ano, e após a concretização das metas estabelecidas no plano de ação, é atribuído o título de excelência e a respetiva bandeira ao Município.



Campanha pela reciclagem em Cerveira pelas mãos de jovens estudantes

Um grupo de jovens do programa Eco-Escolas do Agrupamento de Escolas de Vila Nova de Cerveira foi desafiado pela autarquia para promover, porta a porta, uma mudança de atitudes para com a separação de resíduos. A campanha de sensibilização ambiental "Divida por todos e seja Feliz", dinamizada pela Valorminho em parceria com a Câmara Municipal, decorreu, pela primeira vez, esta segunda e terça-feira, numa área piloto de 250 habitações. Vereadora Aurora Viães acompanhou primeiro dia de "uma ação enriquecedora para todos".

Deespírito motivado, cerca de 10 jovens cerveirenses tornaram-se, durante dois dias, 'agentes especiais da reciclagem' -assim se auto-intitularam-, tendo como missão espalhar uma mensagem de educação ambiental que também eles já incorporaram desde a primária. O alvo são 250 residências. Toca-se à campanha, abrem a porta e a conversa surge naturalmente: 'Andamos a pedir uma coisa. Já recicla?'. Na sua maioria, a resposta é positiva, agradando aos jovens que, de seguida, prestam uma pequena informação alusiva à separação multimaterial e oferecem um ecoponto (3ecobags), um funil para deposição de óleos alimentares, uma sinalética de apoio e um saco reutilizável. O objetivo da campanha é a separação de resíduos tendo como horizonte a maximização das quantidades de reciclagem, com enfoque na deposição em locais adequados.

Acompanhados por um monitor da Valorminho, estes jovens contaram ainda, no arranque desta ação inédita, com a companhia da vereadora da educação, Aurora Viães. "É enriquecedor assistir ao empenho e participação ativa na resolução de problemas ambientais por aqueles que constituirão a futura geração de cerveirenses. Não obstante, é fundamental passar essa mensagem aos pais, avós, amigos, vizinhos, população em geral

de que um mundo ambientalmente saudável é responsabilidade de cada um de nós, e com um pequeno gesto se faz a diferença", assegurou.

De acordo com a Valorminho, a Sensibilização Ambiental pretende atingir uma predisposição da população para uma mudança de atitudes, algo que só se pode verificar se a população for educada, ou seja, se depois de sensibilizada lhe forem apresentados os meios que a conduzam a uma atitude mais correta para com o ambiente.

Os resíduos colocados nos ecopontos e eco-centros permitem contribuir para a reciclagem evitando a deposição em aterro sanitário. Desta forma, é possível prolongar o ciclo de vida dos materiais valorizáveis, sendo da responsabilidade de cada cidadão promover correta deposição dos seus resíduos.

A separação multimaterial tem inúmeras vantagens, desde a economia de energia; a redução dos resíduos depositados em aterro, reduzindo assim a tarifa de deposição em aterro e a taxa de gestão de resíduos (TGR) paga pelo Município, e consequentemente implicará uma diminuição da taxa paga pelo munícipe; a economia de matérias-primas; a proteção dos recursos naturais e valorização de resíduos para concepção de novos produtos; e a redução da poluição do ar, solo e água.

A contaminación, tema do Euro-Kartoenale 2015

Unha vez máis nos sorprenden a creatividade, imaxinación e mirada aguda dos caricaturistas do mundo. A cita esta vez foi o XX Concurso Euro-Kartoenale, que se celebra cada dous anos na pequena cidade belga de Kruishoutem, onde radica o Centro Europeo da Caricatura, unha iniciativa artística de primeira categoría, que ten entre os seus obxectivos promover o humor gráfico, propiciar a investigación e apreciación do debuxo humorístico, así como realizar exposicións e concursos.

Por Francisco Puñal Suárez

O tema específico desta convocatoria era a polución e sanación, un aspecto vital para a conservación do planeta e a humani-

dade, si temos en conta as altísimas emisións de CO2 que proveñen do carbón e o petróleo, de países como China e Estados Unidos; a deforestación

en Brasil e Indonesia; a contaminación en Xapón, e outras nacións como Rusia, India, Alemania, Australia e Canadá, entre outras. É imprescindible que os estados diminúan as súas emisións tóxicas e invistan nas enerxías limpas e renovables, ou pola contra o futuro da humanidade está en perigo.

O comité organizador da Euro-Kartoenale recibiu nesta ocasión 815 caricaturas, de 532 debuxantes de 71 países.

O xurado internacional decidiu outorgarlle o primeiro premio ao polaco Pawel Kuczynski; o segundo, a Marco d'Agostino, de Italia; e o terceiro ao italiano Paolo Dalponte.

O premio do Centro Europeo da Caricatura obtívoo o polaco Zygmunt Zaradkiewicz; o premio da mellor participación da Unión Europea, o rumano Doru Axinte; e o da mellor participación belga, Herwig Beyaert, entre outros. Tamén se outorgaron dúas mencións a Pol Leurs, de Luxemburgo e Rafeei Sajad de Irán.


Rudy Gheysens, o director da Euro-Kartoenale expresou que as caricaturas son moito máis que unha broma elaborada, xa que pretenden estimular a reflexión das persoas. Ao seleccionar o tema da contaminación do chan queremos chamar a atención sobre un asunto que non en todos os países está na axenda política. O Euro-Kartoenale ratifica, unha vez máis, o valor do debuxo, a súa implicación artística e a súa denuncia social.



■ Segundo premio - Marco D'Agostino



■ Primeiro Premio - Pawel Kuczynski - Polonia.



■ Herwig Beyaert - Bélxica.



■ Premio Centro Europeo da Caricatura - Zygmunt Zaradkiewicz

Salvaterra

"João Verde e Amador Saavedra" nome da Ponte Internacional entre Salvaterra e Monção

Cumpríanse 20 anos cando, Abel Caballero, daquela Ministro de Transportes do goberno de Felipe González, e Arturo Grandal Vaqueiro, tamén vistindo as cores socialistas, acompañados polas autoridades de Monção, sendo o Profesor Armindo presidente da Cámara, xunto con outras autoridades españolas e lusas, cortaban a cinta que daría paso a unha nova ponte sobre o río Miño; unha doutras novas pontes que virían a xunguir a Galicia coas Terras Minhotas. Logo viría a nova ponte de Tui Valença e finalmente a ponte entre Goián (Tomiño) e Vila Nova de Cerveira. As pretensións de conseguir outra entre A Guarda e Caminha seguen durmindo o sono dos xustos; fora substituída por un Ferry que, curiosamente, está máis tempo "varado" que en funcionamento. Nestas datas de Semana Santa parece que resucitou, aínda que volveu a "dormirse" para permitir unha nova drenaxe do río Miño á altura de Camposancos.

João Verde, poeta monsenense, foi quen mellor reflexou nos seus versos o que significaba o río Miño para galegos e portugueses, "Vendo-os assim tão pertinho// a Galiza mais o Minho, //São como dois namorados / Que o rio tras separados// Deixai-os, pois, namo-

rar, // Ja que os país para casar// Lhes não dão consentimento". Máis tarde sería o poeta galego Amador Saavedra quen lle replicaría cos seus versos "'Se Dios os fixo de cote// um para outro e teñen dote// Em terras emparecadas, // Pol'a mesma augas regadas

// Como ou sin consentimento// d'os país o tempo ha chegar// Em que teñan que pensar// en facer o casamento". Na honra destes dous poetas a Ponte foi, por fin bautizada coma "Ponte de João Verde e Amador Saavedra". Antes diso

tivo lugar a sinatura dun protocolo de irmandamento entre as dúas vilas: Salvaterra e Monção. Os actos foron presididos, ademais de polos dous autar-

cas fron teirizos, Arturo Grandal Vaqueiro e Augusto Domingues, polo Secretario de Estado dos negocios Extranxeiros portugués, Luis Campos Ferreira e polo Vice-presidente da Xunta de Galicia





Alfonso Rueda Valenzuela, quen deixou claro o apoio da Xunta a todas as iniciativas que teñen como marco as relacións entre as vilas minhotas de Galicia e Portugal, así como destacar que a UE aposta polas iniciativas de cooperación transfronteiriça. O alcalde de Salvaterra insistiría na importancia que ten que os servizos de ambos pobos se poidan compartir: servizos de bombeiros (que poidan actuar en Galiza con respaldo legal; os servizos de urxencias de Monção para os veciños de Salvaterra, así como outros moitos que se irán compartindo unha vez desenvuelto o protocolo asinado polos dous mandatarios.

As relacións entre estas dúas vilas sempre foron fluidas. Lembremos os tempos do estraperlo en que o río Miño era unha auténtica autopista pola que cruzaban kilos e kilos de mercancías prohibidas en España. Hoxe existe en comercio, moi activo que só precisa unha "certificación" oficial para extenderse a outras ramas da actividade social, asistencial e cultural. Iso é o que pretenden as dúas vilas coa sinatura do protocolo oficial recentemente asinado.



Ourense

Preto de 30 compañías participarán na XX Mostra de Teatro Universitario

Grupos universitarios de Galicia compartirán escenario con outros do resto da Península e con compañías profesionais de Cabo Verde, Brasil, Portugal, Irán, Bélxica, Honduras, Estados Unidos e Italia.

Ourense celebra a Mostra Internacional de Teatro Universitario de Ourense (MITEU), do 16 ao 30 de abril, coa participación de preto de 30 grupos universitarios e compañías profesionais de Galicia, Portugal, Castela-A Mancha, Castela León, Andalucía, Madrid, Portugal, Navarra, Cantabria, Brasil, Cabo Verde, Bélxica, Irán, Estados Unidos, Italia e Honduras. O cartel inclúe máis de 30 espectáculos de teatro, danza e circo, que se acompañarán con concertos, documentais, unha exposición, un obradoiro e clases maxistras, para converter a cidade “nun espazo de encontro de actores, directores, guionistas e público”. Así o afirmou o secretario xeral de Cultura, Anxo Lorenzo, durante a rolda de prensa de presentación que tivo lugar en Ourense na véspera do Día Internacional do Teatro. No acto participaron o director da mostra, Fernando Dacosta; o vicerreitor do Campus de Ourense, Virxilio Rodríguez; a directora do Teatro Principal, Olga Mojón; e a concelleira de Cultura de Ourense, Ana Garrido. O secretario xeral referiuse á necesidade dos estudantes e das persoas en formación escénica de contar con “espazos de encontro para o intercambio artístico e humano, que lles permitan compartir co público o seu traballo”.

Nese sentido, destacou o interese da mostra para dar a coñecer as propostas artísticas galegas dos grupos de teatro universitario, en diálogo con grupos de diversas procedencias e de compañías profesionais galegas e internacionais.

Programación

O 16 de abril, a aula de teatro universitario de Ourense Rosaura abrirá a programación, coa estrea da obra ‘Donos do tempo’, nunha xornada que tamén contará coas actuacións da aula de teatro ourensá Cordelia e da compañía andaluza Zen del Sur, para rematar co concerto do grupo galego Raindogs. O 17 de abril será a quenda do grupo universitario de Castela-A Mancha Malaestirpe e mais da compañía belga Okidok. O sábado 17 comezará co espectáculo da aula de teatro de Santiago, que ofrecerá unha adaptación libre do musical de Broadway, coa colaboración da Orquestra de Cámara da USC. A xornada rematará co V Encontro de Danza Interuniversitaria, no que participarán as compañías das universidades da Coruña e de Santiago, Miriam Centro de Danza, de Ourense, e

Tics Espazo de Danza. O día 19, a aula de teatro infantil Gepetto de Ourense fará gozar os nenos e nenas coa obra ‘As aventuras de Polgariña’. A continuación, Teatro El Mayal, da Universidade de León, representará a obra ‘Hotel Las Vegas’. A semana seguinte comezará cos espectáculos ‘Degüello’, o luns 20 de abril, e ‘Cartas de las golondrinas’, o martes 21, que porán en escena a aula de teatro universitario de Huelva e a compañía Escena Miriñaque, de Cantabria, respectivamente. A programación teatral galega e lusófona será a protagonista o mércores 22 de abril, co espectáculo ‘Pangeia’, de Limiar Teatro e Acaso Danza, e mais coa obra ‘Pessoa... Pessoa...’, da compañía Somá Cambá de Cabo Verde.

Estrea de Leo Bassi

A obra ‘Pequenos actos pseudo-revolucionarios’, da compañía galega Ibuprofeno Teatro, abrirá a xornada do día 23, que tamén contará co concerto do grupo Igmig e coa estrea en Galicia de “La gran misa patólica”, unha obra que representa un fito na carreira teatral de Leo Bassi, quen adapta para a escena unha “misa” bufonesca da Igrexa Católica. O actor Leo Bassi ofrecerá unha clase maxistral, o xoves 24, para afondar nun sistema que mestura a teoría con orixinais xogos psicolóxicos. Ese día tamén actuarán o grupo de teatro universitario de Belas Artes da Complutense e a compañía Asta Teatro de Portugal. Xa na fin de semana, a MITEU ofrecerá os espectáculos ‘A casa do vestido castanho’, de Teatr’Ubi, e ‘Shakespeare, Love, 2001’, da compañía de Irán Sokoot. Corifeo Teatro da Coruña afondarán na espera e na desesperación co

seu espectáculo ‘Salas de espera’, o luns 27. Ese mesmo día tamén actuarán a aula de teatro universitario da Coruña Normal, coa obra ‘Augusta’, e a compañía de teatro da USC do campus de Lugo, que interpretará ‘Lear. Da nada sae a nada’. O martes 28 de abril será a quenda do grupo de teatro universitario de Navarra, coa obra ‘Besos’. Ao día seguinte, proxectarase ‘Access to the danger zone’, un documental dirixido por Eddie Gregoor e Peter Casaer que ofrece unha mirada desgarradora aos desafíos da entrega e da axuda humanitaria nos conflitos armados. Pechará a programación do mércores o espectáculo ‘De cómo moría y resucitaba Lázaro’, da Asociación Teatro Taller Tegucigalpa, de Honduras.

Clausura

Na xornada de clausura, o 30 de abril, ademais da entrega de premios do xurado e do espectador Carlos Couceiro e Begoña Muñoz, así como á mellor resolución técnica Suso Díaz, a organización da MITEU outorgaralle o premio da súa vixésima edición aos Perqttores de Seixalbo, por súa implicación e colaboración coa mostra desde hai anos. A mostra rematará co espectáculo ‘III’, da aula de teatro ourensá Maricastaña, e coa representación da obra ‘The Gagfather’, do grupo madrileño Yllana. O Auditorio municipal, o Teatro Principal, o Campus, así como diversas rúas e locais de Ourense serán escenarios desta nova edición da MITEU, que tamén incluírá coloquios, a exposición ‘Dende o sur (Honduras)’, de Manu Bravo, do 16 ao 30 de abril no Teatro Principal, e un obradoiro de teatro do grupo Sokoot Theatre Group de Irán, o día 24 de abril.



■ Acto de presentación do programa da vixésima edición da MITEU.

A cultura castrexa e a súa pervivencia na Gallaecia romana (I)

Por Anxo Serafín Porto Ucha & Raquel Vázquez Ramil



A cultura castrexa desenvólvese a partir do século VI a.C., no chamado período subatlántico, cun clima húmido semellante ao actual e cunha flora e fauna autóctonas similares ás de hoxe en día, e chega ata o século V d.C.; abrangue polo tanto case dez séculos nos que se producen fondos cambios por modificacións internas e por influxos externos.

En canto á extensión xeográfica, o mundo dos castros do noroeste ibérico abarca dende o val do río Navia ata o río Douro, comprendendo as rexións portuguesas de Minho y Tras-os-Montes, e chegando polo interior ata a Serra do Rañadoiro, o Bierzo e gran parte de Sanabria. Cabe distinguir dous elementos na base humana castrexa:

1) Poboación indíxena, maioritaria, moi activa na precedente Idade do Bronce. Trátase de grupos dispersos e dedicados á caza, o pastoreo, a agricultura e a minería, asentados en castros como Penarrubia, Cameixa ou A Lanzada.

2) Poboación centroeuropea, fundamentalmente céltica, que coñece a metalurxia do ferro e se funde co substrato anterior, producindo unha perfecta aculturación a partir no ano 600 a.C. que da lugar a cultura castrexa propiamente dita. Dende o século II a.C. apréciase a influencia de Roma, continuando como cultura galaico-romana, con características especiais, como vimos na primeira entrega desta serie, dedicada á Gallaecia, e chegando ata a ocupación sueva, en pleno século V d.C.

O asentamento típico da cultura castrexa é o castro, poboado fortificado ou castrum, composto por vivendas e construcións circulares ou ovaladas, pero nunca cuadrangulares. A tendencia á liña curva é fundamental no mundo castrexo do noroeste peninsular e maniféstase non solo na arquitectura, senón tamén nas artes menores.

Pódense distinguir variantes nestes asentamentos, aínda que

abranguen tres tipoloxías definidas pola contorna e os condicionantes xeográficos:

a) Castros do interior, situados en colinas ou outeiros, pero non en altitudes moi pronunciadas. A parte superior é a «croa», rodeada por aneis concéntricos ou aterrados. Exemplos coñecidos

son Castromao en Ourense, Elviña e Borneiro na Coruña, Viladonga en Lugo e Troña en Pontevedra.

b) Castros en lugares máis elevados e en zonas de pendente inclinada, coma os da comarca do Courel (Vilar, Torre), O Incio (Lebón, Santa Icí) e A Fonsa-

grada (Castelón de Castañoso, O Arroxo), vencellados ao desenvolvemento da minería xa na época romana.

c) Castros costeiros espallados por toda a costa. A súa defensa

natural era o mar, e por terra defendíanse con murallas ou fosos. Sirvan de exemplo Baroña, O Neixón ou Lobadiz na Coruña, e Fazouro en Lugo.

Dentro do mundo castrexo temos que incluír as citanias, recintos murados de grandes dimensións que presentaban hábitat permanente e que floreceron na Segunda Idade de Ferro e, en algún caso, conviviron coa romanización plena. É o caso da Citania de Santa Tegra na desembocadura do río Minho (A Guardia), a de Briteiros (preto de Guimarães), Santa Luzía (Viana) e Sanfins (Paços de Ferreira) en Portugal, e San Cibrao de Lás ou Lambrica en Ourense.

A sociedade castrexa foi pioneira en abandonar a vida nómade dos cazadores e de recolleita de alimentos para practicar unha agricultura de rozas compatible con modelos de vida itinerante. Cada vez cobran máis importancia as actividades agrarias e gandeiras. O núcleo social constitúe a familia, integrada nun clan, que pertencía a unha liñaxe definida por un antepasado común. Trátase, segundo os restos arqueolóxicos, de grupos humanos sen grandes diferenzas entre eles. Pásase dunha sociedade de bandas, típica da Idade de Bronce, a unha sociedade de tribos, enraizada na Idade de Ferro.

O éxito do modelo foi o que provocou os enfrontamentos polas terras e o xurdimento dunha elite guerreira. Os romanos distinguen xa dous tipos de asentamentos: os *populi*, pequenos poboados que se estenden pola Gallaecia lucense, e as *civitas*, cidades amuralladas de maiores dimensións que abundan na Gallaecia bracarense (Cidade de Terroso en Póvoa de Varzim).

Neste mundo castrexo desenvolveuse unha cultura material e ritual de fonda importancia que analizaremos en próximas entregas



■ Citania de Santa Tegra (A Guardia).



■ Cidade de Terroso (Póvoa de Varzim).

Ponte...nas Ondas

Unha ponte por “un patrimonio para o futuro”

Esta mañá Ponte...nas ondas!, en colaboración coa Eurocidade Salvaterra do Miño e Monção, celebrou o seu 20 aniversario coa participación dos centros educativos dos Concellos de Salvaterra e de Monção que fixeron parte dunha xornada de convivencia e de intercambio entre o alumnado das dúas beiras do Miño dentro das conmemoracións dos vinte anos do proxecto e da inauguración da ponte internacional João Verde-Amador Saavedra. A xornada comezou ás 10.30 hs. coa realización dunha cadea humana na ponte na que ao son da canción Máis perto (composta por Uxía e Segundo Grandío para Meniños Cantores) as mozas e mozos das dúas beiras uníronse e soltaron globos co lema “1 PATRIMONIO PARA O FUTURO” co que lembraron a iniciativa das escolas de Galicia e do Norte de Portugal para a inscrición do patrimonio inmaterial galego-portugués na Lista Representativa da UNESCO.

A xornada tiña como obxectivo fomentar a convivencia entre o alumnado dos dous concellos e ao mesmo tempo lembrar a demanda dos centros educativos de Galicia e do norte de Portugal para que o patrimonio inmaterial galego-portugués sexa inscrito na Lista Representativa da UNESCO, iniciativa que está de novo a ser impulsada desde Ponte...nas ondas! en colaboración con institucións galegas e portuguesas.

Sobre as 10.30 hs. unha cadea humana composta por alumnado de ambas beiras do Miño uniuse cantando o tema musical Máis perto, que xa é un himno de unión para os xoves desde a súa edición no disco Meniños Cantores publicado en 2005; e soltando a continuación globos co lema “1 patrimonio para o futuro”.

Posteriormente desprazáronse ao parque de A Canuda para realizar unha práctica de xogos tradicionais galego-portugueses, para o intercambio e a comunicación entre os xoves galegos e portugueses. Ao longo da mañá houbo sesións de Photocall con xoguete e



imaxes de apoio ao patrimonio común galego-portugués. E como remate, no auditorio ao aire libre do parque, a actuación de Teatro Ghazafellos. A Cámara Municipal de Monção

e o Concello de Salvaterra colaboran na organización da xornada.

Séguenos en:

Twitter @pontenasondas
<https://www.facebook.com/pontenasondas>
<https://www.youtube.com/user/Pontenasondas/videos>

www.pontenasondas.org
www.opatrimonio.org
www.naponte.com
 + info: pontenasondas@pontenasondas.org
 Tf: 615 02 98 40

ler e Punto
 LIBRARÍA EN XERAL - PRENSA
 COPIAS - FAX - RECARGA DE MÓBILES
 MERCERÍA - LABORES - LÃS
 MANUALIDADES - AGASALLOS

Tel: 986 648 114 - 607 577 147
 ENTRADA de AS NEVES
 Fronte á gasoleneira, e xunto a XES

milfollas
 Librería, Papelería, e máis
 e agora tamén en Salvaterra
 Flon dos Cortalos, 10
 Ponteareas
 986 687 913

Bom Foye do Vía N° 7
 688 126 552

Concerto

Urbano Cabrera celebra en Madrid os corenta anos de traxectoria cun concerto cos seus temas máis destacado

No acto, o cantautor e compositor galego tamén proxectou na Casa de Galicia o videoclip Ninguén escoitou



Madrid, 23 de marzo de 2015.- ■ A Casa de Galicia acolleu esta tarde o concerto acústico e intimista do cantautor galego, natural da localidade pontevedresa de Baiona, Urbano Cabrera que ofreceu para conmemorar os corenta anos de traxectoria profesional cos temas máis destacados da súa densa carreira. No acto tamén proxectou o videoclip Ninguén escoitou, do director cinematográfico Pablo Aragüés. A presentación do acto correu a cargo do coordinador de actividades Culturais da

Casa, Ramón Jiménez e nas súas palabras sinalou que o estilo de Urbano Cabrera "se move entre o blues, o rock e as baladas country". Tamén destacou "as coidadas letras" de Cabrera, que son "unha mestura de cancións de temática social-reivindicativa, amor e desamor propias da canción de autor, con influencias de Bob Dylan, Leonard Cohen, Eric Clapton, Van Morrison ou José Afonso".

Urbano Cabrera conta no seu haber, ata agora, tres discos, que son "Tarantela", de 1998; "Segundo Andar", no ano 2000; e

"Penalba", no 2003. Jiménez recordou que precisamente "na Casa o coñecemos con ocasión da aparición dun deles, cuxa presentación acompañou cun concerto". O coordinador comentou tamén "unha indagación off de record" que lle facilitaron as súas fontes, que "Urbano Cabrera é autor do tema A vida é Gondomar, himno oficioso da localidade pontevedresa de Gondomar".

Entre os temas seleccionados por Urbano para celebrar os 40 anos estiveron algúns dos máis significativos como "A lámpada máxica" (que alude aos desexos e metas que non chegan sen traballo); "Ninguén

escoitou" (sobre os tristes feitos da guerra de Iugoslavia); "A cor dá verdade" (que escribiu con só 17 anos sobre a xustiza e a verdade); "Contando historias" (sobre as decisións e o destino); "Para chegar" (na que mostra que o camiño máis curto non é o mellor); "Con megas de deseño" (sobre asociar o triunfo á posesión de moitas cousas); ou "Marta" (un canto de amor á súa filla, que era adolescente cando a compuxo no ano 2000). No concerto, Cabrera incluíu ademais algunhas cancións novas do seu próximo traballo discográfico, cuxa edición está prevista para este ano 2015.



PARAMOUNT COMEDY MEJOR MONOLOGUISTA 2012

Miguel Lago

3

mayo
19.30h

Anticipada: 12€ / Taquilla: 14€

CAFE-CONCERTO

vagalume

RUA MARQUÉS DE VIANA 15, SALVATERRA DE MIÑO

www.vagalume-salvaterria.info

Madrid

“Galicia a todo tren” pon en marca os trenes Peregrino e dos Balnearios

Na Casa de Galicia en Madrid presentouse a nova edición do programa “Galicia a todo tren” que incorpora como novidade os denominados Tren Peregrino e Tren dos Balnearios, un novo xeito de descubrir os recursos turísticos máis singulares de Galicia

Por: Jesús Losada

A terceira edición de “Galicia a todo Tren” continúa ofrecendo sete rutas temáticas: a dos Faros, a dos Pazos e Xardíns Históricos e as cinco Rutas do Viño: Rías Baixas, Ribeira Sacra, Ribeiro, Monterrei e Valdeorras. Na presentación realizada na Delegación da Xunta en Madrid interviñeron ademais da directora de Turismo de Galicia, Nava Castro, o director da Casa de Galicia en Madrid, Xosé Ramón Ónega, o xerente do área comercial e servizo de atención ao cliente de RENFE, Xabier Díaz Trisac, e o xerente do INORDE, Xosé Manuel Rodríguez. Nava Castro, explicou que este programa, que naceu como un proxecto turístico pioneiro, inclúe este ano novos atractivos grazas á colaboración interinstitucional entre a Xunta de Galicia, RENFE e a Deputación de Ourense. Agregou que estes sete itinerarios estarán constituídos por 57 trens que ofertarán un total de 2.524 prazas, 74 máis que o pasado ano. Destacou que para esta nova edición, as rutas foron melloradas “incrementando aínda máis o seu atractivo”. Así, entre outras novidades, a Ruta do Viño de Monterrei inclúe neste ano a visita ao Castelo de Monterrei, onde os turistas poderán re-

alizar o Túnel do Viño e vivirán un espectáculo sorpresa; nas rutas do viño Ribeiro e Rías Baixas, se realizará unha visita ao Centro de Interpretación do Viño e a Lamprea de Arbo e ao mosteiro de San Clodio; e a ruta da Ribeira Sacra incorpora como novidade a visita ao mosteiro de San Estevo de Ribas de Sil.

Tren Peregrino e dos Balnearios

Así mesmo, como principal novidade desta edición, incorporase ao programa o Tren Peregrino que posibilitará a realización do Camiño de Santiago desde Madrid dunha maneira diferente, a bordo dun cómodo Tren Hotel no que os pasaxeiros disporán de aloxamento na Cabina Gran Clase e restauración no propio convoi. Con esta nova proposta os pasaxeiros poderán realizar diferentes etapas do Camiño de Santiago a pe ou en bicicleta, ou ben coñecer as diversas cidades nas que estaciona o tren con visitas guiadas e outras actividades. As sete rutas turísticas temáticas e o Tren Peregrino este ano se engade tamén o Tren dos Balnearios, unha nova posibilidade dirixida a maiores de 50 anos que brindará a posibilidade de aloxarse durante 6 días, en réxime de pensión completa, nos balnearios ourensáns de Laías, Carballiño, Arnoia, Baños de Molgas o Lobios e

realizar circuitos culturais pola zona elixida. Así mesmo, continúa nesta nova edición o Galicia Rail Pass que un ano máis permitirá a peregrinos e turistas que cheguen a Galicia en trens de largo percorrido ou co pase dos trens turísticos utilizar os trens da rede de RENFE en Galicia cantas veces queiran durante tres días en fins de semana, pontes e festivos, e na temporada de verán. Tamén, chegará a Galicia un verán máis o Tren Al Andalus que percorrerá no mes de xullo o traxecto León - Santiago de Compostela.

Pasadas edicións

A directora de Turismo de Galicia destacou durante a súa intervención o éxito acadado polas dúas pasadas edicións do programa ‘Galicia a todo tren’. Segundo sinalou, durante o primeiro ano de realización dos trens turísticos máis de 600 viaxeiros gozaron de dous itinerarios diferentes que alcanzaron unha ocupación de case o 75%. Nava Castro explicou que, tras esta boa aceptación, o pasado ano 2014, ampliouse a súa oferta con outras cinco rutas polas zonas vitivinícolas de Galicia. “Con estas novas propostas uniuse a posibilidade de descubrir a paisaxe galega e os recursos patrimoniais coa produción vitivinícola”, destacou. Con todo, a campaña dos trens turísticos pechou na pasada edición cun notable éxito ao rexistrarse máis de dous mil viaxeiros e unha ocupación media do 82%, alcanzando as rutas de Valdeorras-Ribeira Sacra e a que circulou exclusivamente pola Ribeira Sacra unha ocupación do 100%.

Mercado madrileño para Galicia

A directora de Turismo incidiu tamén en que a Comunidade de Madrid é o principal mercado emisor de turistas para Galicia, segundo os datos do Instituto Nacional de Estadística. No pasado ano rexistráronse en establecementos hoteleiros 460.153 viaxeiros procedentes da capital española e máis dun millón de pernoitas. Madrid supuxo o 15,4% do total de viaxeiros españois e o 15,9% das pernoitas nacionais da comunidade galega. Ademais, un total de 22.090 peregrinos madrileños recolleron a Compostela na Oficina do Peregrino o ano pasado, ocupando Madrid o número un no ránking de comunidades autónomas. A responsable de Turismo de Galicia concluíu agradecendo a “intensa colaboración de Renfe e máis da Deputación de Ourense a través do INORDE” pola posta en marcha deste “proxecto diferencial que incrementa a competitividade da oferta turística de Galicia”.



■ Xosé Manuel Rodríguez González, Nava Castro, Xosé Ramón Ónega e Xabier Díaz Trisac na presentación do programa “Galicia a todo tren”.

LV FESTA DA LAMPREA



Os días 24, 25, 26 de Abril de 2015

Venres

24

17:30 h. Inauguración oficial de ARBOMOSTRA 2015

20:30 h. **GALA DA LAMPREA** no Auditorio do Centro Multiusos, actuación do Grupo de Música e Baile Tradicional **TRASPÉS**

Pola noite gran verbena coa Orquestra **TANGO** na Praza Consistorio.

As 23:00 h. Concerto de **ROSA CEDRÓN**, na Praza do Mercado.

As 24:00 h. Concerto de **BUDIÑO e Convidad@s**, na Praza do Mercado.

Sábado

25

11:00 h. Pasarrúas a cargo da **BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE ARBO**.

De 11:00 h. a 23:00 h. Visitas a **ARBOMOSTRA - 2015**

11:30 h. Pasarrúas a cargo da Banda de Gaitas **XARABAL**

12:00 h. Actuación do Grupo Folclórico **A VELLA BARCA**

12:30 h. Recepción de Autoridades no Concello

13:00 h. Pregón

13:30 h. Actuación Grupos Folclóricos

14:30 h. Xantar da Lamprea

17:30 h. Pasarrúas a cargo da Murga **TARDO D'ESMORGA**

18:00 h. **UXIA LAMBONA E A SÚA BANDA MOLONA**, na Praza Consistorio

19:30 h. Concerto pola **BANDA DE MÚSICA MUNICIPAL DE ARBO**, na Praza Consistorio.

Pola noite gran verbena amenizada polas orquestras

SINTONIA DE VIGO e CLAXXON na Praza Consistorio

e **MACRODISCOTECA MOVIL "SPACE MUSIC"** na Praza do Mercado

Domingo

26

11:00 h. Pasarrúas e posterior concerto na Praza Consistorio pola **Banda de Música de TORROSO**

De 11:00 h. a 21:00 h. Visitas a **ARBOMOSTRA - 2015**

11:30 h. Pasarrúas a cargo da Murga **TARDO D'ESMORGA**

12:00 h. Pasarrúas e actuación do Grupo de Gaitas **ATURUXO** do CVC. de Valladares

13:00 h. Actuación do Grupo Folclórico **ASOCIACIÓN CULTURAL BARCA DE LOIMIL**

17:30 h. Pasarrúas a cargo da **CHARANGA APELES** e a murga **TARDO D'ESMORGA**

19:00 h. Pasarrúas e concerto da **BANDA DE MÚSICA DE SALCEDO**

20:30 h. Exhibición do Grupo de Baile **ACTIVO** na Praza Consistorio

22:00 h. Gran verbena coa Orquestra

PARIS DE NOIA e as CANTAREIRAS DE ARDEBULLO

Festa de Galicia
de
Interese Turístico

ORGANIZA:



Concello
de Arbo

COLABORAN:



XUNTA
DE GALICIA



Deputación
Pontevedra

Arbo

Viñas e pesqueiras nas orixes e no devir arabense

Por: Manuel Xesús Xiráldez González, miñoto arabense.

I. Viñas e pesqueiras como signos da cultura e historia no espazo galaico-portugués da Ribeira Miño.

A alegría dunha borbulla e o avío dunha lamprea.

■ Os sabores, os arrecendos e as cores dun viño branco ou tinto, dun toro ou fatía de lamprea verde ou seca, trasládanos á nosa infancia e a un mundo de lembranzas, mesmo ás veces percibimos con certa nostalgia que eses sabores, arrecendos e cores xa mudaron ao longo do tempo tal como muda a vida mesma.

Tal sentido do gusto, da vista, lévanos a pensar na nosa razón de ser como membros dunha cultura determinada e na maneira de vivir dunha comunidade, nas súas orixes e na súa evolución. No caso de Arbo, da bisbarra do Paradanta e do Condado, de Melgaço e Monção, a área miñota galego-portuguesa, dous elementos identitarios marcaron o seu devir: a plantación e extensión da viña e o aproveitamento complementario, artesanal e estacional, da pesca.

A través do seguimento desta riqueza vitivinícola e fluvial é posible realizar unha interesante viaxe pola historia da nosa vila e comarca: coñecemos o transcorrer da vida antiga e contemporánea e do mundo circundante, a evolución e os cambios, comprendendo como a terra e a auga, a agricultura e a pesca, a viña e o peixe do río, a alegría dunha borbulla e o avío dunha lamprea, foron base esencial da existencia humana e como son actividades que sustentan a creación dun pobo e o seu devir.

Os primeiros núcleos de poboación (o casal, o reguengo, a herdade, o vilar, a vila e a vilanova, a aldea...) e as primeiras parroquias, o xurdir do concello, os propios nomes dos lugares... teñen que ver coas características da ubicación e coas posibilidades que ofrecía a extensión da terra cultivada e en paralelo co cada vez maior aproveitamento fluvial. As ribeiras do Miño e os viñedos configuran unha paisaxe e descubren unha historia antiga, pesqueiras e viñas conviven desde séculos nunha perfecta harmonía natural, necesaria e complementaria: entre o tempo que transcorría en armar e levantar a rede na procura de peixe, o ser arabense aprendía a plantar, enxertar, podar, atar... as videiras.

É o nacemento dunha vida particular e a súa evolución posterior ("A Ribeira Minho como paisagem cultural nun proceso evolutivo de interacción Homem/Ambiente". Antero Leite. *As pesqueiras do rio Minho*. 1999).

Xavier Castro (*A lume manso*. 1998) afirma que a historia da alimentación permite coñecer mellor a historia social de Galicia e o ethos ou maneira de ser dos seus habitantes. Determinados alimentos chegan a ter entre a xente un rango cultural primordial e conseguen plasmar e condensar notablemente o *background* da identidade colectiva. Un repertorio de alimentos constitúen o soulfood: a comida da alma do grupo étnico galego. Por iso os hábitos culinarios son os elementos da cultura de orixe que perduran máis. Daquela, tanto o peixe do río, basicamente a lamprea, como viño de seu serían a comida e bebida da alma do grupo étnico arabense e sinais identitarios da colectividade miñota.

E María José Iravedra (Arquitectura y cultura del vino. 2003) escribe: "*Hoy día, apreciar el vino es un signo de cultura, de saber descifrar su contenido y su historia. Realmente, nunca se han conseguido vinos de tanta calidad como ahora, y su degustación les convierte en una bella arte, como la música, la pintura o la arquitectura en donde los sentidos son los protagonistas (...)* Hoy día es un componente gastronómico de primer nivel, y sin duda, el producto que aporta mayor prestigio a una mesa".

II. A gran expansión da vide e o nacemento da vinicultura na Idade Media. Os mosteiros de Santa María de Melón e Santa Maria de Fiães-Melgaço: o nacemento das granxas como unidades de explotación agrícola e o deber de plantar viñas. Novos núcleos de poboación e desenvolvemento das freguesías.

■ Segundo Paula Vázquez Verao ("Historia do viño. O viño en Galicia". 2011. <http://coladodonto.blogspot.com>), non hai evidencias claras do cultivo de vides na época galaico-romana (s. I aC-V dC) e non está constatado que os lagares localizados en castros romanizados fosen para a elaboración de viño; si se bebía un viño que viña de fóra, escaso e consumido en festas



familiares. A bebida popular dos pobos galaicos era o zythos, que podería ser cicera ou sidra. Algúns primeiros indicios de produción de viño localízanse no período altomedieval (s. V-s. X), mais a documentación amosa que nos séculos IX e X o viñedo xa está estendido en todas as zonas vitícolas de Galicia. Ao principio, hai un equilibrio entre as maceiras e o viñedo, sobre saíndo as primeiras ata mediados do s. X e comezando a aumentar o viñedo a finais deste século ata a súa gran preponderancia no XI. As compravendas que se pagan en especie ensinan o dominio do viño como medio de pagamento fronte á decadencia da sidra, converténdose nun produto valorado comercialmente e na base do desenvolvemento dos núcleos urbanos do s. XII. A fundación dos mosteiros a mediados do século XII, sobre todo o asentamento dos monxes do Císter, impulsará o cultivo do viñedo, a introdución de melloras técnicas e de novas variedades: fomentará a súa produción tanto para usalo na Eucaristía e consumilo nos refectorios como para comerciar con el e cobrar rendas. As doazóns que reciben as comunidades monásticas irán configurando as grandes propiedades que gozaron estas institucións ao longo destes séculos. Tamén era unha necesidade ante a habitual contaminación das augas e esencial na medicina oficial medieval polo seu papel anti-séptico e elemento terapéutico en remedios populares, sobre todo o tinto. É un alimento máis, a bebida do país, a máis sa e de maior prestixio. Con todo, na produción vitícola non se debe ignorar a iniciativa propia dos campesiños, o saber popular en canto ao cultivo documentado antes da expansión do Císter e que os mosteiros aproveitaron.

O viño convértese no produto comercial galego por excelencia entre os séculos XIII e XV. Neste período intensifícase a plantación en tódalas zonas vitícolas de Galicia. A partir de 1380, pasada a peste negra, a expansión comercial coincide co fomento do cultivo da vide. O máis corrente era que o viñedo gañase terras ao monte e ás leiras de cereais (dos soutos aproveitábase as pólas de castiñeiro para as viñas e a madeira para facer os barrís).

O impulso comercial galego de finais do século XIV, cando o viño ocupa un papel central, e o

aprezo polos bos caldos e o xurdimento dunha cultura enolóxica a finais da época medieval, está en relación co ascenso da burguesía.

E. Portela (*La región del Obispado de Tuy en los siglos XII a XV*. 1976) fálanos de como o desenvolvemento agrario nos séculos XII e XIII, un maior espazo cultivado e un maior traballo colectivo en agros e leiras, trae consigo o fortalecemento ou mesmo a constitución de novas parroquias nun hábitat rural formado por casais e pequenas aldeas. É unha época na que se están forxando os marcos de convivencia campesiña que pervivirán ata os nosos días no campo galego.

A paisaxe agraria cambia pola ampliación da superficie cultivada mediante a cavadura de baldíos e pola creación de novos núcleos de poboación. O cambio máis importante rexistrado nos campos da rexión do Bispado de Tui no XIII, á que pertence o Aravo medieval, é a redución do espazo dedicado á produción de pan e a expansión das terras dedicadas á obtención do viño. As explotacións agrarias estaban daquela en mans de tres grupos ben diferenciados: as dependentes dos mosteiros, as dirixidas polos nobres laicos e as que eran dos campesiños. Un gran beneficiario será o mosteiro cisterciense de Santa María de Melón grazas á extensión do seu patrimonio territorial, continuamente engrandecido durante os séculos XII e XIII, que acapara unha grande parte da renda agraria traballando as terras directamente ou ben a través de campesiños mediante contratos de foro a cambio dun terzo ou metade da colleita.

A explotación directa realizada polos mosteiros, con propiedades cada vez máis afastadas dos seus emprazamentos, supón a aparición de unidades de explotación denominadas granxas: "*Las granjas eran ciertos territorios o cierta porción de bienes, separados y distantes del monasterio. A cada territorio de estos, enviaba el monasterio tres o cuatro religiosos, uno sacerdote y los demás legos, o donados. Aquel decía a estos la misa y a los demás vecinos de aquel paraje; llamábanle comúnmente Maestro de la Granxa, que gobernaba, recibía y aceptaba, en nombre del monasterio, las donaciones que nuevamente los fieles hacían en aquel paraje, los demás legos*



Arbo

donados servían para labrar las tierras, y para otros oficios." A este equipo formado por monxes e legos uníanse xornaleiros nos meses do calendario agrícola nos que era necesaria unha maior cantidade de man de obra.

O crecemento sucesivo no número de novas terras que pasaban a formar parte da propiedade monástica provocou un sistema distinto á explotación directa: os contratos de arrendamento ou foros concedidos a perpetuidade, a unha, dúas ou tres voces (unha voz sería o que se concede a unha persoa ou matrimonio durante a súa vida). Os foros nos que se pide a metade da colleita están en relación coas terras que, polo menos unha parte, está dedicada ou vaise dedicar á produción de viño, esixindo o mosteiro a metade deste produto.

O aumento e a diversificación da produción agraria, a gran expansión experimentada polo cultivo da vide na segunda metade do século XIII na rexión do Bispado de Tui, a superación dunha economía de autoconsumo rural que agora dá lugar a excedentes, orixina a aparición, ou maior desenvolvemento, de pequenos núcleos urbanos, vilas e cidades, ao mesmo tempo puntos de demanda cada vez maior de produtos agrícolas e puntos de comercio cara ao exterior da rexión.

No proceso de acumulación de bens en mans da Igrexa, sobre todo na segunda metade do XII e na primeira do XIII, o mosteiro dos monxes brancos cistercienses de Santa María de Melón (data de fundación 1142 ou 1158) é o verdadeiro protagonista no sur de Galicia: un gran Señor cun gran dominio sobre una ampla

área xeográfica desde o val do Tamega ata a ría de Vigo e península do Morrazo, situado nun lugar desde o cal ten un fácil acceso aos ricos vales circundantes do Avia, do Miño e do Tea. É nestes vales onde a investigación histórica de Franciso Javier Pérez (*O mosteiro de Melón no século XV*:1996.) localiza a maior concentración de posesións monásticas grazas fundamentalmente ás moi favorables condicións climáticas que presentan para os distintos cultivos, en especial para a vide. Melón vai impoñer aos seus foreiros a plantación de videiras nos distintos lugares do Ribeiro de Avia, no val do Tea e nas ribeiras do Miño.


Ademais, xunto á vide cultívanse os cereais,

esenciais para a fabricación do pan e compoñentes básicos da dieta alimenticia. Trigo, millo miúdo e centeo reparten o terreo arable. O mosteiro tampouco foi alieo á transformación tanto dos cereais como das uvas e aparece como propietario de muíños e lagares no seu dominio. Hortas, nabais e cortiñas complementarían as explotacións agrícolas. Árbores froiteiras e montes foron tamén obxecto de atención por parte do cenobio, tendo especial importancia os soutos de castiñeiros, ao ser o seu froito un complemento moi importante na dieta alimenticia da época.

Os excedentes obtidos serán comercializados polos cenobios nas vilas próximas, á cabeza das

cales se sitúa Ribadavia pola gran cantidade de bens que nela posúen os monxes e por ser o centro dun activo comercio vitícola ao concentrarse alí a produción da comarca circundante, probablemente a máis importante na Galicia de entón. A partir do século XIII os monxes brancos de Melón comezan a deixar aos campesiños a explotación de fragmentos das granxas conservando só unha pequena proporción de terras traballadas directamente por eles mesmos, iniciándose una relación entre mosteiro e arrendatarios mediante o contrato agrario do foro que supuña o pago de rendas, maioritariamente en especie e moi esixentes sobre as terras de viña.

O outro gran referente monástico será o mosteiro cisterciense de Santa María de Fiães, situado nas montañas que circundan a vila de Melgaço, concello ao que pertence. Parece ser que a súa orixe se remonta á época sueva, sendo a primeira cita da súa existencia de 1142. Ata 1194 seguía a regra de San Bieito, data na que figura a primeira mención do seu paso ao Císter. Tanto dos reis de León coma despois dos reis de Portugal recibirá cuantiosas doazóns de terras nas ribeiras do Miño galego-portugués (terras de Valadares e de San Martiño de Ladróns). Gran parte das escrituras afectan a Galicia, tendo en conta que no século XII todas estas terras pertencentes ao antigo bispado de Tui estiveron sometidas a un mesmo réxime político-social e entre elas houbo sempre un constante intercambio. Estes relixiosos revalorizaban as súas herdades e granxas promovendo a repoboación dos lugares (1ª parte)



A Clásica Álvaro Pino homenaxeará a Marino Lejarreta

O próximo 9 de maio celebrarase a Clásica Álvaro Pino, unha marcha ciclista que servirá para render homenaxe ao ex ciclista profesional Marino Lejarreta. A proba empezará na rúa Concha Brey, diante da Casa do Concello de Ponteareas, ás 11 da mañá e percorrerá máis de 10 municipios ao longo de 144 quilómetros

A carreira, organizada polo Clube Ciclista Álvaro Pino coa colaboración do Concello de Ponteareas, foi presentada oficialmente esta mañá na Casa do Concello, nun acto que contou coa presenza do alcalde, Salvador González, do concelleiro de Deportes, Alberto Novoa, o ex ciclista ponteareán Álvaro Pino e varios membros da directiva. As inscricións poderanse facer até o día 4 de maio na páxina web www.clasicaalvaropino.es.

Os organizadores, que estiman unha participación de 600 corredores, quixeron salientar a importancia dos patrocinadores no desenvolvemento deste evento:

Powerade, Óptima, Club Ciclista La Fuente, Neumáticos As Pombas, Bici O Con, Confitería Ancla, a Deputación de Pontevedra, o Concello de O Porriño e numerosos comercios locais que colaboraron neste evento deportivo.

O día previo á carreira haberá unha mesa redonda co invitado, Marino Lejarreta, ás 20:00 horas diante do Concello. Ademais de Lejarreta, a proba contará coa participación doutros ex ciclistas ilustres como Ezequiel Mosquera. Unha cita que pretende recordar o labor de Álvaro Pino neste deporte e que xa é unha referencia no calendario cicloturista nacional.



José Ramón Onega homenaxeado en Madrid

A Asociación de Empresarios Galegos en Madrid (Aegama) acaba de nomear Asociado de Honra a José Ramón Ónega, delegado da Xunta de Galicia en Madrid e director da Casa de Galicia, no transcurso dun xantar na súa honra que tivo lugar nun coñecido hotel madrileño. Á concurrida homenaxe, que congregou a máis dun centenar de persoas, sumáronse todas as organizacións profesionais e culturais galegas en Madrid. Entre os numerosos asistentes ao acto encontrábanse o presidente do Consello de Estado, José Manuel Romay Beccaría, e a directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias da Xunta de Galicia, Blanca García Señoráns Álvarez, que acudiu en representación do presidente da Xunta, Alberto Núñez Feijóo, quen enviou unha carta de felicitación.

Ónega recibiu a distinción de mans do presidente de Aegama, Julio Lage, quen previamente se referira a el facendo unha pequena reseña biográfica e identificándoo como “un íntimo colaborador de Aegama e do resto de asociacións galegas de Madrid, amigo de todo o galego

e de todos os galegos, humanista, culto e xeneroso”. Tamén resaltou que desde a Casa de Galicia “está levando a cabo un importantísimo labor de apoio á cultura, á arte e ao coñecemento”.

Trala intervención de Lage, a secretaria de Aegama leu a acta pola que se lle concedía o nomeamento e o presidente da

Asociación entregoulle a Ónega unha vieira de prata representativa.

Ónega agradeceu aos presentes a mostra de amizade e afecto que lle brindaban, afirmou que os galegos se caracterizan “por un sentido solidario da amizade e unha vocación permanente na defensa dos valores que a amizade confere”. Recordou que na actualidade os galegos están nas máis altas maxistraturas e cobren postos de grande signifi-

cación en todos os estamentos e campos”. “Estamos na vanguardia do éxito”, citando como exemplo a, entre outros, Mariano Rajoy, Ana Pastor, Alberto Núñez Feijóo, o cardeal Rouco Varela, o doutor Cabanela, os xornalistas Bieito Rubido, Fernando Ónega e Pilar Cernuda, os banqueiros Ángel Ron e Francisco González, e os políticos José Manuel RomayBeccaría e Leopoldo e Víctor Calvo Sotelo. Dos empresarios galegos afirmou

que “a súa casta é o traballo e o esforzo, a súa categoría é o valor e o sacrificio”.

O delegado da Xunta de Galiza en Madrid afirmou que desde que ocupa este cargo a súa principal preocupación é “atender e tramitar as peticións derivadas dos galegos de Madrid. “Espero seguir sendo útil e na medida das miñas posibilidades contade comigo e cos funcionarios da Casa”, ofreceu. Tamén evocou as súas etapas como gobernador civil en Zamora e Biscaia, onde viviu “o drama terrible do terrorismo”.

José Ramón Ónega López naceu en Mosteiro-Pol (Lugo). É licenciado en Dereito pola Universidade de Santiago. Desempeñou, entre outros, os cargos de gobernador Civil de Zamora e Biscaia e director xeral de Política Interior. Na actualidade, é delegado da Xunta de Galiza en Madrid e director da Casa de Galicia. É colaborador de prensa, autor de varios libros, entre os que destaca “Los Judíos en el Reino de Galicia”, e está en posesión de distincións como a Orden do Mérito Civil e a Cruz de Prata da Orde Militar da Garda Civil.



■ Lema Devesa, presidentes de Iurisgama, Romay Beccaría, Blanca García-Señoráns e Lage